

PLENO

**ACTA 2023/04 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 30/03/2023.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 19:00 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 3 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 4 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 5 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 6 Alexander Doval Expósito (PP)
- 7 Silvia Suárez García (PP).
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 10 José Manuel Mirás Pulleiro (OR).
- 11 María Teresa Cendal Iglesias (OR).
- 12 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo. Preside a sesión o Alcalde da Corporación D. Luís Rey Villaverde. Asiste o Interventor da Corporación D. Carlos Temprano Temprano. Non asiste a Concelleira D^a. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

- 1.1.-Acta da sesión ordinaria do 26/01/23023. Acta 01/2023.
- 1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 09/02/2023. Acta 02/2023.
- 1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 17/03/2023. Acta 03/2023.

2.-Aprobar se procede a rectificación anual do inventario de bens municipais correspondente ao exercicio 2022. (EXP. 2023/X999/000137).

3.-Aprobar se procede inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Oroso (EXP. 2023/G016/000002).

4.-Aprobar se procede inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos (EXP. 2023/G016/000003).

PLENO

5.-Aprobar se procede inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da taxa por actividades administrativas relativas á apertura de establecementos, instalacións e actividades. (EXP. 2023/G016/000004).

6.-Aprobar se procede inicialmente a Ordenanza municipal de modificación do prezo público da Escola Municipal de Música (EXP. 2023/G016/000005).

7.-Aprobar se procede inicialmente o expediente de crédito extraordinario 2/2003 (EXP. 2023/T002/000002).

8.-Aprobar se procede inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora das bases para a concesión de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Oroso. (2023/G013/000001).

9.-Aprobar se procede o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2023 (EXP. 2023/G006/000014).

10.-Aprobar se procede inicialmente o expediente de suplemento de crédito 01/2023 (EXP. 2023/T002/000001).

II PARTE DE CONTROL

11.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 65/2023 do 20/01 ata a 351/2023 do 24/03.

12.- Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 20/01/2023 e o 24/03/2023.

13.-Dación de conta do período medio de pago correspondente ao 4º Trimestre 2022 (EXP. 2023/X998/000019).

14.-Dación de conta do informe de morosidade correspondente ao 4º Trimestre 2022 (EXP/X998/000022).

15.-Dación de conta da actualización da Central de Información de Riscos (CIR) Local (EXP. 2023/X998/000029).

16.-Dación de conta da variación neta de activos financeiros do exercicio 2022 (EXP. 2023/X998/000030).

17.-Dación de conta da fiscalización plena posterior correspondente ao exercicio 2022 (EXP. 2023/X998/000038).

18.-Dación de conta da liquidación orzamentaria correspondente ao exercicio 2022 (2023/X999/000125).

PLENO

19. Dación de conta do expediente de incorporación de remanentes 03/2023. (EXP. 2023/T002/000003).

20.-Dación de conta do marco orzamentario 2024- 2026 (EXP. 2023/T004/000002).

21.- Mocións dos Grupos municipais.

22.- Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde procede a declarar aberta a sesión.

Antes de proceder a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día, pola Concelleira D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) procédese a dar lectura ao seguinte manifesto:

“O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada para retroceder en dereitos.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

PLENO

Para o Concello de Oroso promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

Dende todas as institucións debemos contribuir para acadar unha igualdade real poñendo o foco de atención na educación desde idades moi temperás.

Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantizará a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

Unha sociedade que conta coas mulleres sempre será unha sociedade mellor.”

Seguidamente procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 26/01/23023. Acta 01/2023.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 01/2023 da sesión ordinaria do 26/01/2023 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno a Sra. Alcaldesa en funcións pregunta aos membros da corporación se algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

PLENO

Abstencións: ningunha (0 votos)

Apróbase a acta nº 01/2023 da sesión ordinaria do Pleno do 26/01/2023 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 09/02/2023. Acta 02/2023.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 02/2023 da sesión extraordinaria do 09/02/2023 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

Apróbase a acta nº 02/2023 da sesión extraordinaria do Pleno do 09/02/2023 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1.3.-Acta da sesión extraordinaria do 17/03/2023. Acta 03/2023.

Logo de ver a minuta da acta de Pleno nº 03/2023 da sesión extraordinaria do 17/03/2023 que foi remitida aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno o Sr. Alcalde pregunta aos membros da corporación si algún ten que facer algún tipo de observación.

Non se producen intervencións.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da acta e o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos)

Apróbase a acta nº 03/2023 da sesión extraordinaria do Pleno do 17/03/2023 e a súa incorporación ao libro de actas de conformidade co previsto no

PLENO

Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-Aprobar se procede a rectificación anual do inventario de bens municipais correspondente ao exercicio 2022. (EXP. 2023/X999/000137).

Logo de ver a proposta de Alcaldía que di:

“Logo de ver que o pleno do Concello aprobou definitivamente a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso do ano 2021. (Aprobación definitiva publicada no BOP núm 68 do 08.04.2022)

Logo de ver a providencia de Alcaldía do 06.03.2023 que ordena que se inicien os trámites previos á adopción do acordo de rectificación do inventario de bens municipais, reflectíndose no expediente as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante ao período de tempo que vai desde o 01.01.2022 ata o 31.12.2022.

Logo de ver os listados resultantes de altas e baixas de bens e melloras que constan no expediente.

Logo de ver o informe favorable de Secretaria do 08.03.2023

Tendo en conta que o artigo 33.1 do Regulamento de bens das entidades locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño) establece que a rectificación do Inventario Municipal se verificará anualmente, reflectíndose na mesma as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.

Tendo en conta que a rectificación debe recoller as variacións ocorridas durante o ano e os erros que no foron detectados con anterioridade, sen prexuízo da revisión que poida proceder segundo os procedementos ordinarios, pois sería absurdo que unha omisión involuntaria no puidera salvarse ata o ano seguinte.

Tendo en conta que cabe en todo momento incorporar ao Inventario novas propiedades mediante acordos puntuais sen esperar á rectificación anual. Os sistemas informáticos e un adecuado programa permiten ter ao día e reflectir as altas e baixas ao momento de producirse.

Tendo en conta que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de bens das entidades locais.

Tendo en conta que o artigo 32.1 do regulamento de bens das entidades Locais establece que unha vez se aprobe a rectificación anual do inventario, se remitirá copia do mesmo á administración do estado e da comunidade autónoma.

PLENO

Tendo en conta que consonte ao establecido no artigo 9.2 do Regulamento de bens de las entidades locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos e segundo o establecido no artigo 68.2 da lei reguladora das bases de réxime local, calquera veciño pode requirir á corporación para o exercicio das accións, podendo incluso os veciños exercer esa acción en nome e interese da entidade local. Con ese argumento e tomando como base o establecido no artigo 83 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se considera convinte expoñer ao público o expediente de rectificación do inventario, a fin de ter unha información dos bens que se relacionan e se poidan formular alegacións que axuden a depurar no seu caso os erros ou poñan de manifesto calquera omisión ou circunstancia que sexa oportuno ter en conta. TENDO EN CONTA as atribucións que me outorga a lexislación de réxime local propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO. APROBAR INICIALMENTE a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

<i>Epígrafe</i>	<i>Total Altas</i>	<i>Total baixas</i>
1	1.553.636,51 euros	0
2	0	0
3	0	0
4	3.811,50 euros	0
5	0	0
6	0	0
7	96.027,41 euros	0
8	0	0
Total Xeral	1.653.475,42 euros	---

Anéxase a esta proposta os listados de altas de bens e melloras producidas no ano 2022

SEGUNDO. EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

TERCEIRO. REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Ábrese unha quenda de intervencións.

PLENO

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo vai a votar a favor xa que se trata da actualización que se produce cada ano.

D. Alexander Doval Expósito (PP) igualmente sinala que o seu grupo tamén vai a votar a favor, tendo en conta que se trata dunha simple actualización que se fai todos os anos.

O Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

PRIMERO. APROBAR INICIALMENTE a rectificación do Inventario de bens do Concello de Oroso e co seguinte resumo por baixas e altas:

Epígrafe	Total Altas	Total baixas
1	1.553.636,51 euros	0
2	0	0
3	0	0
4	3.811,50 euros	0
5	0	0
6	0	0
7	96.027,41 euros	0
8	0	0
Total Xeral	1.653.475,42 euros	----

Anéxase a esta proposta os listados de altas de bens e melloras producidas no ano 2022

SEGUNDO. EXPOÑER o expediente ao público durante un prazo de 20 días hábiles aos efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

TERCEIRO. REMITIRLLE unha copia íntegra da presente rectificación á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao artigo 32.1 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

3.-Aprobar se procede inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Oroso (EXP. 2023/G016/000002).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

PLENO

LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 17 de marzo de 2023 pola que se ordea o inicio do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

LOGO DE VER o borrador da Ordenanza Fiscal que se incorpora ó expediente TEDEC 2023/G016/000002 de data 17 de marzo de 2023.

LOGO DE VER o informe técnico-económico de data 20 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Secretaría de data 20 de marzo de 2023.

CONSIDERANDO que:

- O Concello de Oroso conta cunha regulación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras mediante ordenanza dada polo acordo do Pleno adoptado na súa sesión de data 25 de xaneiro de 2018 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no BOP número 59 de data 27 de marzo de 2018.

- A normativa urbanística sufriu unha importante transformación nos últimos anos producíndose un desprazamento da técnica autorizadora e do control administrativo que pasa a realizarse a posteriori. Neste sentido a Lei 12/2012, do 26 de decembro de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos supuxo unha importante modificación na xestión do imposto a través da modificación do artigo 103 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A permanente modificación e creación de normas tributarias e de ámbito urbanístico que inciden directamente na regulación tributaria local provoca de forma inevitable un desfasamento normativo, que aínda que poida resultar de importancia secundaria e preveza o disposto na norma de rango superior fai necesaria con cada modificación que se propoña das normas reguladoras da fiscalidade local, a adaptación do texto da ordenanza do tributo ás novidades normativas producidas desde a súa última modificación, xa sexa a nivel tributario xeral como local.

CONSIDERANDO pois que se pretende corrixir o desfasamento existente entre a normativa tributaria e a normativa substantiva en materia de urbanismo sendo os obxectivos principais da modificación proposta os seguintes:

- a) A definición das construcións, Instalacións e Obras realízase mediante un sistema de xestión coordinada
- b) En aplicación da modificación introducida pola Disposición final primeira da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realice as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

PLENO

c) En aplicación do establecido no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo preténdese establecer as seguintes bonificacións de carácter potestativo:

- a. Unha bonificación de ata o 50% da cuota as construcións de nova planta de vivendas suxeitas ó réxime de protección pública (VPP ou VPA)
- b. Unha bonificación do 50% da cuota as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a vixente Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP número 59 de data 27 de marzo de 2018), de tal xeito que a Ordenanza unha vez introducida a modificación proposta quedaría como segue:

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE OROSO.

Artigo 1. Fundamento Legal e natureza.

1.- De conformidade co disposto nos artigos 59.2 e 100 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e segundo o disposto nos artigos 15 e seguintes da mesma Lei, O Concello de Oroso establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, sendo o mesmo un tributo indirecto.

Artigo 2. Feito imponible.

1.- O Feito Imponible do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras está constituído pola realización, dentro do termo municipal de Oroso, de calquera construción, instalación ou obra para á que se esixa a obtención da correspondente licencia de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licencia ou para a que se requira a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a súa expedición ou a actividade de control corresponda a este Concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir, entre outras, en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova pranta.
- b) Obras de ampliación de edificios e instalacións de tódalas clases existentes.

PLENO

- c) Obras de Modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- d) Obras de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- e) Obras que modifiquen a disposición interior dos edificios.
- f) Obras e usos que se teñan que realizar con carácter provisional no caso en que estean xustificadas, que deberán demolerse cando o acorde o Concello, se dereito a indemnización.
- g) Movementsos de terra, tales coma desmontes, explanacións, escavacións e terrapléns, obras de instalacións de servizos públicos e, en xeral, as relacionadas coa urbanización, excepto que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización definitivamente aprobado ou de edificación que dispoña de licencia outorgada.
- h) A demolición das construcións, agás nos casos declarados de ruína inminente.
- i) As instalacións subterráneas adicadas a estacionamentos, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- j) As obras de construción de infraestrutura civil, (entre elas as urbanizacións de vías) agás que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun plan especial ou nun instrumentos de ordenación territorial, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable. Agás as de mantemento das obras públicas.
- k) As construcións nas zonas de dominio público, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.
- l) A instalación ou radicación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanente, agás que se efectúen dentro de campamentos legalmente autorizados e nas zonas expresamente previstas para dita finalidade.
- m) A instalación de invernadoiros.
- n) A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- o) Os cerramentos e valados de predios.
- p) Aliñacións e rasantes.
- q) Obras de fontanería e sumidoiros.
- r) Instalación de elementos permanentes, tales coma postes, torretas, transformadores, liñas aéreas ou subterráneas, xeradores eólicos etc..., de subministro e xeración de enerxía, e de telefonía móbil, transmisións e similares, sobre parcelas e inmobles.
- s) Obras nos cemiterios.
- t) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística ou de instalación ou se someta ó réxime de declaración responsable ou comunicación previa, segundo o previsto na lexislación e normativa vixente sobre o solo sectorial ou de desenvolvemento.

PLENO

Artigo 3. Exención.

1.- Exímese do pagamento do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexan donos o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre os que se realice aquela.

2.- A efectos do disposto no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

3.- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte aqueles que soliciten as correspondentes licencias, presenten as declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, no suposto en que non sexan realizadas polo suxeito pasivo contribuínte.

4.- O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da conta tributaria satisfeita.

Artigo 5. Base imponible.

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

2.- Non forman parte de base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local, nen tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calque outro concepto que non integre estritamente o custe de execución material.

Artigo 6. Cota e tipo de gravame.

1.- A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.

PLENO

O tipo de gravame queda fixado no 4 por cento.

Artigo 7. Deveno.

1.- A obriga de contribuír nace no momento de iniciarse a obra, mesmo nos casos en que comece sen a licencia pertinente; ou no momento en que se presente a declaración responsable ou comunicación previa.

2.- Os efectos do imposto, entenderanse iniciadas ás construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario:

- a) Cando teña sido concedida a preceptiva licencia municipal, ou ditado o acto administrativo que autorice a execución da construción, instalación ou obra na data en que sexa notificada dita concesión ou autorización ou, no caso de que non poida practicarse a notificación, ós 30 días da data do Decreto polo que se concede a licencia ou autoriza o acto.
- b) Cando se trate de actuacións sometidas ó réxime de declaración responsable ou comunicación previa na data en que a mesma teña entrada no Rexistro do Concello de Oroso.
- c) Cando sen haberse concedido polo Concello a preceptiva licencia ou o acto administrativo autorizante a que se refire a letra a) anterior, nin presentada declaración responsable ou comunicación previa se efectúe polo suxeito pasivo calquera clase de acto material ou xurídico tendente á realización das construcións, instalacións ou obras.

Artigo 8.- Liquidación Provisional.

1.- O imposto esixírase en réxime de autoliquidación, excepto para os supostos en que as actuacións solicitadas impliquen obras na vía ou dominio público nas que se xestionará aquel de acordo co disposto no artigo 103.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2.- Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo imposto, no impreso habilitado ó efecto pola Administración municipal, e a abonala:

- a) No prazo dun mes dende a data de notificación da concesión da licencia urbanística ou do acto administrativo que autorice a execución da construción, instalación e obra.
- b) No momento en que se presente a declaración responsable ou a comunicación previa.
- c) En todo caso, a autoliquidación aboarase dentro do prazo máximo dun mes contado a partir do momento en que se inicie a construción, instalación ou obra, incluso cando non se solicitase, concedese ou denegase a licencia ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor dos suxeitos pasivos.

3.- O pago da autoliquidación presentada terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez terminadas as

PLENO

construcións, instalacións ou obras, determinándose en aquela a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Cando o visado non constituía un requisito preceptivo dita base determinarase en función dos módulos que se establecen no Anexo da presente ordenanza ou, cando isto non resulte factible, en función do orzamento presentado polo interesado.

4.- Cando se modifique o proxecto da construción, instalación u obra e elo implique incremento do orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado con suxeción ós prazos, requisitos e efectos indicados anteriormente.

5.- Cando os suxeitos pasivos non aboasen a correspondente autoliquidación polo imposto, nos prazos anteriormente sinalados, ou se presentase e aboase por contía inferior a cuota que resulte do orzamento aportado, o Concello de Oroso poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda.

Artigo 9.- Liquidación definitiva.

1.- Unha vez finalizadas as obras, construcións ou instalacións, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa terminación os suxeitos pasivos deberán presentar no Concello declaración do custo real e efectivo de aquelas, acompañando os documentos que consideren oportunos a efectos de acreditar o expresado custe.

2.- Cando o custo real e efectivo das construcións, instalacións ou obras sexa superior ou inferior ao que serviu de base imponible na autoliquidación ou autoliquidacións anteriores que fosen presentadas e pagas con carácter provisional, o Concello procederá a practicar liquidación complementaria pola diferenza, positiva ou negativa, que se poña de manifesto, que se practicará no impreso que a tal efecto se determine e será debidamente notificada ó interesado.

3.- Se como resultado da liquidación complementaria a diferenza é positiva, esta será ingresada, polo suxeito pasivo, na forma e prazos establecidos no artigo anterior e se a diferenza é negativa será reintegrada polo Concello no prazo dun mes.

4.- Os suxeitos pasivos están igualmente, obrigados a presentar a declaración do custo real e efectivo das construcións, instalacións ou obras finalizadas e a abonar a autoliquidación que corresponda, aínda cando non se pagou por aquelas, con anterioridade, ningunha autoliquidación polo imposto, o que deberán realizar no prazo sinalado nos apartados anteriores deste artigo.

PLENO

5.- Para os efectos dos precedentes apartados, a data de finalización das construcións, instalacións e obras será a que se determine por calquera medio de proba admisible en dereito e, en particular, a que resulte segunda normativa urbanística.

6.- Cando non se puidese presentar en prazo a documentación sinalada, no apartado 1 anterior, poderá solicitarse, dentro do mesmo período de tempo, unha prórroga dun mes para realizar a súa achega.

7.- Naqueles supostos nos que, durante a realización da construción, instalación ou obras, se produzan cambios nas persoas ou entidades que puideran ser suxeitos pasivos do imposto, a liquidación definitiva practicarase ó que ostente a condición de suxeito pasivo no momento de terminarse aquelas.

Artigo 10.- Comprobación administrativa.

1.- Á vista da documentación achegada ou de calquera outra relativa a estas construcións, instalacións ou obras e das efectivamente realizadas así como do custo real e efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible aplicada anteriormente, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte, sen prexuízo da imposición das sancións que sexan aplicables de acordo co disposto nesta ordenanza.

Artigo 11. Bonificacións na cota.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 103.2 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, que establece a posibilidade de regular unha bonificación de ata o 95% da cota do imposto das construcións, instalacións e obras a favor de aquelas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico-artísticas ou de fomento do emprego, gozarán de dita bonificación no seu importe máximo do 95% as seguintes obras:

a. As dedicadas á construción, rehabilitación ou reparación da vivenda habitual das persoas en situación de emerxencia social.

Consideraranse en situación de emerxencia social, aquelas que requiren urxente atención de carácter paliativo, derivadas da inadecuación ou dotación da vivenda habitual de aquelas persoas que carecen de medios económicos suficientes para facer fronte a esta situación. A documentación a presentar será a seguinte:

- A) Informe social que acredite a situación de emerxencia social.
- B) Informe do técnico competente sobre a situación de emerxencia social relativo a súa localización, características, estado de deterioro, servizos, salubridade, seguridade e distribución.

PLENO

- C) Fotocopia do DNI do solicitante e do resto da Unidade Familiar de convivencia e do libro de familia.
- D) Certificado de empadramento que especifique que os membros da unidade familiar residen na vivenda en cuestión.
- E) Certificación acreditativa da propiedade da vivenda.
- F) Xustificantes dos ingresos familiares, mediante a oportunas declaracións da renda ou certificados de imputacións que acrediten os ingresos da unidade familiar, incluíndo axudas públicas. O importe máximo da renda dispoñible da unidade familiar ponderada segundo os coeficientes do seguinte párrafo, entendida como a parte xeral e especial da Base Impoñible regulada na lei sobre o imposto sobre a renda das persoas físicas, antes de proceder as deducións por mínimo persoal e familiar non poderá superar o importe anual do salario mínimo interprofesional. Os coeficientes aplicables segundo o número de membros da unidade familiar son os seguintes:

Nº membros unidade familiar:	Coeficiente
1:	1
2:	0,9
3:	0,8
4:	0,7
5 ou máis:	0,5

b. Aquelas outras instalacións u obras diferentes das sinaladas anteriormente e que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Os donos das obras deberán ser obrigatoriamente:
 - 1. Administracións públicas ou organismos dependentes das mesmas, que conforme a lexislación de contratación administrativa estean incluídos dentro do concepto de administración pública.
 - 2. Entidades ou asociacións sen ánimo de lucro.
- b. As obras deberán referirse obrigatoriamente a equipamentos dirixidos á comunidade ou rehabilitación ou conservación do patrimonio histórico-artístico, catalogado coma tal segundo a lexislación correspondente.

A documentación a presentar será a seguinte:

- a) Acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado anterior, presentando unha memoria acreditativa.
- b) As edificacións, instalacións u obras dedicadas á gandería, agropecuarias e o sector forestal produtivo (non transformación) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A documentación a presentar será a seguinte:

PLENO

- a) Acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado anterior, presentando unha memoria acreditativa do número de postos de traballo a crear ou a manter no seu caso, axuntando copia do boletíns de cotizacións TC-2 á Seguridade Social dos traballadores.
- b) Acreditamento de estar ao corrente coas obrigas tributarias co Estado, Concello e Comunidade Autónoma, así coma coa Seguridade Social.
- c) As edificacións, instalacións u obras dedicadas á implantación ou ampliación dunha nova actividade económica ou empresarial nos Polígonos Industriais do concello de Oroso, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, cumprindo as seguintes condicións mínimas:
 - a. As actividades económicas deberán estar implantadas nos Polígonos Industriais do concello de Oroso, delimitados como aquelas parcelas cualificadas coma de solo de uso industrial segundo o Plan Xeral do Concello de Oroso.
 - b. Unicamente procederá a declaración de interese municipal para a implantación dunha nova actividade económica, entendendo por tal aquela que conleve a edificación en solares baleiros, ou ben á ampliación de instalacións ou edificacións de industrias existentes, sempre e cando conleve a creación de novo emprego.
 - c. Acreditar el alta en el Censo de actividades económicas, mediante presentación de modelo 036 ou equivalente.
 - d. A actividade deberá contar con todas as licencias ou permisos de actividade sectoriais precisos, así coma en todo caso contar con licencia de obra das edificacións obxecto de bonificación e de primeira ocupación (licencia ou comunicación previa).
 - e. Deberá acreditarse ter solicitada a alta das novas construcións ou instalacións no Catastro.
 - f. Estar ao corrente no pago de todos os tributos municipais e estatais así coma o corrente no pago das súas obrigas coa Seguridade Social.

Para o desfrute desta bonificación, os interesados deberán presentar xunto coa solicitude de licencia de obra ou declaración responsable ou comunicación previa, a correspondente de concesión de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego na Sede Electrónica municipal, acompañada da seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da solicitude na que se explique entre outros aspectos:

PLENO

- a. Situación da actividade, indicando o número de referencia catastral.
- b. Descrición da actividade económica e das obras previstas, indicando someramente os procesos produtivos que se desenvolven na parcela, así coma a utilidade das obras e instalacións proxectadas para a creación de postos de traballo.
- c. Número previsto de creación de postos de traballo da actividade que teñan coma centro de traballo as instalacións na parcela indicada. No suposto de solicitarse a bonificación por ampliación de instalacións, indícarase o número previsto de traballadores existentes antes e despois da mesma. A porcentaxe de bonificación a que dará lugar a concesión da declaración de utilidade de especial interese ou utilidade municipal será a seguinte en función do acreditamento do número de novos postos de traballo creados:
 - Ata 10 postos de traballo creados 50 %
 - De 11 a 20 postos de traballo creados 75 %
 - Máis de 20 postos de traballo creados 95 %

O importe da bonificación aplicarase no momento da aprobación da liquidación definitiva do imposto, unha vez rematada a obra e obtida a preceptiva licencia de primeira ocupación ou comunicación previa, para o cal, o suxeito pasivo deberá presentar xunto coa documentación acreditativa do custe real da obra, a seguinte documentación que acredite a creación efectiva dos novos postos de traballo:

- a) Certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de que a empresa está ao corrente coas súas obrigas tributarias.
- b) Certificado en vigor expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de que a empresa está ao corrente coas súas obrigas.
- c) Acreditamento da presentación do modelo de alta das novas construcións e instalacións no Catastro, se no se presentase anteriormente.
- d) Indicación e descrición das autorizacións sectoriais posuídas para o desenvolvemento da actividade económica, indicando no seu caso o número de inscrición en Rexistros autonómicos ou estatais.
- e) Acreditamento do número de postos de traballo creados mediante a aportación de:
 - a. Copia dos contratos de traballo dos novos traballadores, no que quede acreditado que o centro de traballo correspóndese co inmovible para o que se solicita a bonificación.
 - b. Copia modelos "TC2" do derradeiro exercicio económico dos novos traballadores.
 - c. Certificado de vida laboral dos traballadores.

Non dará lugar a aplicación da bonificación concedida:

- 1º) O non acreditamento suficiente da creación dos novos postos de traballo comprometidos na solicitude inicial.
- 2º) A prescrición do prazo para practicar a liquidación definitiva do Imposto
- 3º) A declaración da caducidade da licencia de obra concedida ou o transcurso do prazo máximo de vixencia da mesma.

PLENO

4º) A denegación da concesión da licencia de primeira ocupación das obras obxecto de licencia por non cumprir as condicións da licencia concedida ou incumprimento das condicións establecidas na comunicación previa.

2. Para gozar dalgunha das bonificacións do párrafo anterior, que non serán acumulativas, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá facerse, antes do inicio das construcións, instalacións ou obras, mediante escrito separado, ó tempo de presenta-la solicitude de licencia municipal que autorice a súa realización.

3. Unha vez informada a solicitude e a licencia municipal, formularase proposta ó Pleno da Corporación os efectos de determinar se concorren as circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o cal decidirá por maioría simple.

4.- Outorgada se procede a declaración, notificarase o suxeito pasivo.

2. Gozarán de unha bonificación do 90% as construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, sempre e cando as mesmas non formen parte de un proxecto de obra nova e se realicen de forma independente.

3. Gozarán dunha bonificación de ata o 50% da cuota as construcións de nova planta de vivendas suxeitas ó réxime de protección pública (VPP ou VPA)

A bonificación prevista neste artigo só alcanzará ás vivendas de protección pública contempladas na Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Para ese efecto, no suposto de promocións mixtas que inclúan locais ou vivendas libres e vivendas protexidas, a porcentaxe de bonificación aplicarase á parte de cota correspondente ás construcións, instalacións e obras destinadas estritamente á construción das vivendas protexidas a que se refire este precepto. Igual prevención terá lugar no caso de que a promoción comprenda vivendas suxeitas a réximes de protección pública distintos dos referidos neste artigo.

En ambos os casos, para gozar da bonificación, deberase achegar polo interesado unha desagregación do orzamento no que se determine razoadamente o custo que supón a construción dunhas e outras vivendas. No caso de que non fose posible a súa desagregación, a efectos da bonificación se prorrateará o orzamento en proporción ás respectivas superficies. Así mesmo, será necesario presentar, en todo caso, copia da cualificación provisional das vivendas, expedida polo organismo competente da Comunidade de Galicia.

4.- Gozarán dunha bonificación do 50% da cuota as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

PLENO

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. En ningún caso se concederá esta bonificación cando a implantación de este tipo de sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

3.- En ningún caso reivindicarán intereses as cantidades que houbera que reembolsar ó suxeito pasivo como consecuencia de autoliquidacións ingresadas a conta sen terse practicado as bonificacións reguladas nesta ordenanza, por causa da falla de acreditación dos requisitos esixidos para a súa aplicación no momento da autoliquidación e ingreso a conta.

Artigo 11. Procedemento de concesión das bonificacións.

1.- Non procederá outorgar as bonificacións reguladas nos puntos anteriores a aquelas construcións, instalacións ou obras que empezasen ou rematasen sen haber solicitado a correspondente licencia de obras municipal.

2.- As bonificacións establecidas anteriormente non serán compatibles entre si. No caso de que algunha construción, instalación u obra puidera incluírse en varios supostos de bonificación, o interesado deberá optar pola que desexe que lle sexa aplicable, entendéndose, en caso de indicarse máis de unha que elixe aquela a que se atribúa maior importe de bonificación.

3.- Sen prexuízo do sinalado no artigo anterior respecto dos prazos e documentación específica a presentar con cada solicitude o procedemento será o seguinte:

- a) A bonificación ten carácter rogado e a solicitude entenderase efectuada cando o suxeito pasivo practique a autoliquidación do imposto deducíndose o importe da bonificación.
- b) Á solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:
 - a. Aquela que xustifique a pertinencia do beneficio fiscal.
 - b. Identificación da licencia de obras ou urbanística, declaración responsable ou comunicación previa.
- c) Orzamento desglosado das construcións, instalacións ou obras ou de aquela parte das mesmas para as que se insta o beneficio fiscal.

3. Se a inclusión das devanditas construcións, instalacións ou obras nalgún dos supostos bonificables dependese de actos ou cualificacións que houberen de producirse necesariamente con posterioridade, será suficiente coa xustificación do inicio dos trámites encamiñados á súa obtención. En tal suposto, a bonificación quedará condicionada á súa oportuna xustificación, o que deberá efectuarse no prazo dun mes desde a obtención da cualificación ou documento acreditativo da súa inclusión no correspondente suposto.

4. Se a solicitude de bonificación non reunise os requisitos indicados ou estes fosen insuficientes para a adopción da resolución que proceda, requirirase ao

PLENO

solicitante para que no prazo de dez días emende a falta ou acompañe a documentación preceptiva, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude e procederáse ao arquivo, sen máis trámite, das actuacións, nos termos do artigo 89 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado por Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Neste caso, procederáse, polos órganos de xestión do imposto, no seu caso, a practicar liquidación provisional polo importe da bonificación indebidamente aplicada e cos intereses e recargas pertinentes, sen prexuízo das sancións a que houber lugar se se apreciase a existencia de infracción tributaria.

5. Se se denega a bonificación ou resultaren inadecuados as porcentaxes de bonificación aplicados polo obrigado tributario na autoliquidación presentada, procederáse a virar de oficio liquidación provisional sen a bonificación ou coa porcentaxe que proceda e cos intereses ou recargas que correspondan; todo iso, sen prexuízo das sancións a que houber lugar se se apreciase a existencia de infracción tributaria.

6. O establecido nos apartados 4 e 5 non será de aplicación nos supostos de bonificacións cuxa apreciación corresponde ó Pleno da Corporación en cuxo caso de denegarse a mesma practicarase de oficio unha liquidación provisional sen a bonificación entendéndose a mesma en período voluntario.

7. A concesión da bonificación ou, no seu caso, a liquidación provisional que conteña o recoñecemento implícito da devandita bonificación, estarán condicionadas ao establecido na licenza municipal ou ao manifestado na declaración responsable ou na comunicación previa e á acreditación ou obtención das cualificacións ou actos esixibles para ter dereito á correspondente bonificación, quedando aquela automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, tanto no suposto de incumprimento de tales condicións como no de denegación da licenza ou ineficacia da declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 12. Inspección e recadación.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 13. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, se aplicará o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

PLENO

Disposición Adicional Única.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

Disposición Derogatoria.

Queda derogada a Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalación e Obras na súa redacción dada polo acordo do Pleno adoptado na súa sesión de data 25 de xaneiro de 2018 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no BOP número 59 de data 27 de marzo de 2018.

Disposición Final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO.

MÓDULOS UNITARIOS DE VALORACIÓN A EFECTOS DO ORZAMENTO OU COSTE DE OBRAS, INSTALACIÓNS, CONSTRUCCIÓNS E REFORMAS, PARA APLICACIÓN DO PORCENTAXE CORRESPONDENTE Ó IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Como punto de partida se establece un módulo básico de construción (M), de maneira que sobre este módulo básico de construción, se aplica un coeficiente de uso e de tipoloxía, en función do tipo de obra e/ou edificación de que se trate. O módulo básico de construción (Mb), expresado en €/m² será o vixente no Colexio de Arquitectos de Galicia no momento da presentación da solicitude de licencia, declaración responsable ou comunicación previa, ou no caso de non presentarse estas, no momento en que os servizos municipais inicien o expediente de liquidación do imposto. No caso de non existencia do devandito módulo ou de manifesta falta de adecuación do mesmo ós valores de mercado, o valor do mesmo será aprobado polo Alcalde-Presidente en base a informe dos servizos técnicos municipais de acordo a estudos de mercado.

Para o cálculo da base á que aplicar o ICIO, determinarase o valor do módulo de construción (Mc), como resultado de aplicar ó Módulo base (M), o coeficiente tipolóxico Ct, e o coeficiente de uso predominante (Cu) á superficie construída da edificación ou da parte da mesma sobre a que se interveña.

$$Mc = Mb \times Ct \times Cu \times \text{Superficie}$$

PLENO

O valor dos coeficientes de tipoloxía e uso obtense do seguinte:

Coeficiente tipoloxía (Ct):

1. En edificacións de nova planta e adicións.

1,20 Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada. Sótanos a partir de 3º.

1,10 Agrupación en fila ou ringleira. Sótanos 1º y 2º.

1,00 Edificio en mazá pechada. Edificación aberta vivenda colectiva.

2. En obras de reforma e rehabilitación.

1,20 Rehabilitación total incluíndo desmontaxe de fachadas.

1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas.

0,65 Reforma interior de instalacións e acabados conservando a estrutura existente.

0,50 Reformas de elementos estruturais.

0,35 Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpintería e pechamentos (aplicada á superficie da fachada). Reforma interior instalacións.

0,30 Reforma de acabados interiores.

0,08 Substitución material cobertura.

0,02 Pintado de fachadas. Demolicións e derribos.

3. En obras non edificatorias.

1,00 Parcelas cámpings. Acondicionamento de terreos.

0,15 Peches de parcelas de mampostería, formigón, sillería ou similar.

0,10 Peches de zócalo, postes y arame.

0,04 Peches de poste e arame.

0,02 Tallos.

Coeficiente de usos (Cu):

1,65 Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5*. Edificios bancarios.

1,55 Hospitais. Laboratorios. Igrexas.

1,45 Bibliotecas. Facultades e Escolas Universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais Marítimas e Aéreas.

1,35 Clubes sociais. Cines. Centros de Saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Salas de festas. Discotecas. Colexios con Residencia.

1,25 Casas de Cultura. Casas Consistoriais. Locais Bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade. Aparta hoteis. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros.

1,15 Vivenda. Hoteis de 2*. Residencias Universitarias. Moteis.

1,05 Residencial VPO. Oficinas. Gardarías. Centros docentes. Hoteis de 1*. Ambulatorios. Hostais-Residencias. Restaurantes. Estacións de Autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas. Demolicións e derribos. Peches de parcela.

0,95 Bares. Mercados.

0,85 Centro comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows. Servicios cámpings. 0,70 Edificios de aparcamentos. Local comercial. Establecementos comerciais industria escaparate.

0,55 Piscinas descubertas. Cemiterios.

0,50 Naves industriais e comerciais.

PLENO

0,45 Locais en planta baixa ou semisótano sen uso específico. Garaxes e Aparcementos. Estacións de Servicio.
0,40 Trasteiros. Porches e terrazas abertas.
0,35 Almacéns. Instalacións deportivas descubertas.
0,25 Proxectos de urbanización.
0,20 Acondicionamento de naves con obras mínimas.
0,15 Proxectos de urbanización (adscritos á edificación). Parcelas cámpings.
0,10 Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) sinala que van a votar a favor xa que se trata de facer unha actualización normativa e a introdución dunha bonificación pola instalación de paneis soares.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que o seu grupo vaise abster xa que considera que as bonificacións poderían ir mais alo, xa que existen concellos limítrofes que cobran moito menos como pode ser o caso de Trazo, O Pino etc...e nos non damos neste sentido ningún servizo a maiores que estes concellos.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que considera que se teñen que felicitar xa que estamos aprobando unha bonificación do 50% en dous conceptos. Cree que o Concello de Oroso está nunha liña óptima en relación a tributos en comparación cos restantes concellos de España e de Galicia.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que o seu grupo non está en contra das bonificacións que se van a introducir se non que as consideran insuficientes.

Intervén o Sr. Alcalde da corporación quen agradece o apoio de Oroso Renovable e a abstención do PP, pero que en todo caso non cabe facerse trampas ao solitario e non cabe, como fai o PP, comparar un so tributo se non que se ten que comparar todos os tributos de cada concello xa que o veciño ten que pagar todos os impostos e non uns si e outros non, e nesa

PLENO

comparación o Concello de Oroso está moi por baixo do conxunto de concellos de España e de Galicia.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a votación a proposta de acordo, e o Pleno por:

Votos a favor: oito (5 do PSdeG-PSOE; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: catro (4 do PP) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a vixente Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP número 59 de data 27 de marzo de 2018), de tal xeito que a Ordenanza unha vez introducida a modificación proposta quedaría como segue:

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DE OROSO.

Artigo 1. Fundamento Legal e natureza.

1.- De conformidade co disposto nos artigos 59.2 e 100 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e segundo o disposto nos artigos 15 e seguintes da mesma Lei, O Concello de Oroso establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, sendo o mesmo un tributo indirecto.

Artigo 2. Feito imponible.

1.- O Feito Imponible do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras está constituído pola realización, dentro do termo municipal de Oroso, de calquera construción, instalación ou obra para á que se esixa a obtención da correspondente licenzia de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenzia ou para a que se requira a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a súa expedición ou a actividade de control corresponda a este Concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir, entre outras, en:

- u) Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova pranta.
- v) Obras de ampliación de edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- w) Obras de Modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- x) Obras de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- y) Obras que modifiquen a disposición interior dos edificios.

PLENO

- z) Obras e usos que se teñan que realizar con carácter provisional no caso en que estean xustificadas, que deberán demolerse cando o acorde o Concello, se dereito a indemnización.
- aa) Movementsos de terra, tales coma desmontes, explanacións, escavacións e terrapléns, obras de instalacións de servizos públicos e, en xeral, as relacionadas coa urbanización, excepto que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización definitivamente aprobado ou de edificación que dispoña de licencia outorgada.
- bb) A demolición das construcións, agás nos casos declarados de ruína inminente.
- cc) As instalacións subterráneas adicadas a estacionamentos, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- dd) As obras de construción de infraestrutura civil, (entre elas as urbanizacións de vías) agás que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun plan especial ou nun instrumentos de ordenación territorial, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable. Agás as de mantemento das obras públicas.
- ee) As construcións nas zonas de dominio público, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.
- ff) A instalación ou radicación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanente, agás que se efectúen dentro de campamentos legalmente autorizados e nas zonas expresamente previstas para dita finalidade.
- gg) A instalación de invernadoiros.
- hh) A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- ii) Os cerramentos e valados de predios.
- jj) Aliñacións e rasantes.
- kk) Obras de fontanería e sumidoiros.
- ll) Instalación de elementos permanentes, tales coma postes, torretas, transformadores, liñas aéreas ou subterráneas, xeradores eólicos etc..., de subministro e xeración de enerxía, e de telefonía móbil, transmisións e similares, sobre parcelas e inmobles.
- mm) Obras nos cemiterios.
- nn) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licencia urbanística ou de instalación ou se someta ó réxime de declaración responsable ou comunicación previa, segundo o previsto na lexislación e normativa vixente sobre o solo sectorial ou de desenvolvemento.

Artigo 3. Exención.

1.- Exímese do pagamento do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a realización de calquera construción, instalación ou obra da que

PLENO

sexan donos o Estado, as Comunidades Autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre os que se realice aquela.

2.- A efectos do disposto no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

3.- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte aqueles que soliciten as correspondentes licencias, presenten as declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, no suposto en que non sexan realizadas polo suxeito pasivo contribuínte.

4.- O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da conta tributaria satisfeita.

Artigo 5. Base imponible.

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

2.- Non forman parte de base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local, nen tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calque outro concepto que non integre estritamente o custe de execución material.

Artigo 6. Cota e tipo de gravame.

1.- A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.

O tipo de gravame queda fixado no 4 por cento.

Artigo 7. Debeño.

PLENO

1.- A obriga de contribuír nace no momento de iniciarse a obra, mesmo nos casos en que comece sen a licencia pertinente; ou no momento en que se presente a declaración responsable ou comunicación previa.

2.- Os efectos do imposto, entenderanse iniciadas ás construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario:

a) Cando teña sido concedida a preceptiva licencia municipal, ou ditado o acto administrativo que autorice a execución da construción, instalación ou obra na data en que sexa notificada dita concesión ou autorización ou, no caso de que non poida practicarse a notificación, ós 30 días da data do Decreto polo que se concede a licencia ou autoriza o acto.

b) Cando se trate de actuacións sometidas ó réxime de declaración responsable ou comunicación previa na data en que a mesma teña entrada no Rexistro do Concello de Oroso.

c) Cando sen haberse concedido polo Concello a preceptiva licencia ou o acto administrativo autorizante a que se refire a letra a) anterior, nin presentada declaración responsable ou comunicación previa se efectúe polo suxeito pasivo calquera clase de acto material ou xurídico tendente á realización das construcións, instalacións ou obras.

Artigo 8.- Liquidación Provisional.

1.- O imposto esixirase en réxime de autoliquidación, excepto para os supostos en que as actuacións solicitadas impliquen obras na vía ou dominio público nas que se xestionará aquel de acordo co disposto no artigo 103.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2.- Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo imposto, no impreso habilitado ó efecto pola Administración municipal, e a abonala:

a) No prazo dun mes dende a data de notificación da concesión da licencia urbanística ou do acto administrativo que autorice a execución da construción, instalación e obra.

b) No momento en que se presente a declaración responsable ou a comunicación previa.

c) En todo caso, a autoliquidación aboarase dentro do prazo máximo dun mes contado a partir do momento en que se inicie a construción, instalación ou obra, incluso cando non se solicitase, concedese ou denegase a licencia ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereitos a favor dos suxeitos pasivos.

3.- O pago da autoliquidación presentada terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras, determinándose en aquela a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Cando o visado non constituía un requisito preceptivo dita base determinarase en

PLENO

función dos módulos que se establecen no Anexo da presente ordenanza ou, cando isto non resulte factible, en función do orzamento presentado polo interesado.

4.- Cando se modifique o proxecto da construción, instalación u obra e elo implique incremento do orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado con suxeción ós prazos, requisitos e efectos indicados anteriormente.

5.- Cando os suxeitos pasivos non aboasen a correspondente autoliquidación polo imposto, nos prazos anteriormente sinalados, ou se presentase e aboase por contía inferior a cuota que resulte do orzamento aportado, o Concello de Oroso poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda.

Artigo 9.- Liquidación definitiva.

1.- Unha vez finalizadas as obras, construcións ou instalacións, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa terminación os suxeitos pasivos deberán presentar no Concello declaración do custo real e efectivo de aquelas, acompañando os documentos que consideren oportunos a efectos de acreditar o expresado custe.

2.- Cando o custo real e efectivo das construcións, instalacións ou obras sexa superior ou inferior ao que serviu de base imponible na autoliquidación ou autoliquidacións anteriores que fosen presentadas e pagas con carácter provisional, o Concello procederá a practicar liquidación complementaria pola diferenza, positiva ou negativa, que se poña de manifesto, que se practicará no impreso que a tal efecto se determine e será debidamente notificada ó interesado.

3.- Se como resultado da liquidación complementaria a diferenza é positiva, esta será ingresada, polo suxeito pasivo, na forma e prazos establecidos no artigo anterior e se a diferenza é negativa será reintegrada polo Concello no prazo dun mes.

4.- Os suxeitos pasivos están igualmente, obrigados a presentar a declaración do custo real e efectivo das construcións, instalacións ou obras finalizadas e a abonar a autoliquidación que corresponda, aínda cando non se pagou por aquelas, con anterioridade, ningunha autoliquidación polo imposto, o que deberán realizar no prazo sinalado nos apartados anteriores deste artigo.

5.- Para os efectos dos precedentes apartados, a data de finalización das construcións, instalacións e obras será a que se determine por calquera medio de proba admisible en dereito e, en particular, a que resulte segundo a normativa urbanística.

PLENO

6.- Cando non se puidese presentar en prazo a documentación sinalada, no apartado 1 anterior, poderá solicitarse, dentro do mesmo período de tempo, unha prórroga dun mes para realizar a súa achega.

7.- Naqueles supostos nos que, durante a realización da construción, instalación ou obras, se produzan cambios nas persoas ou entidades que puideran ser suxeitos pasivos do imposto, a liquidación definitiva practicarase ó que ostente a condición de suxeito pasivo no momento de terminarse aquelas.

Artigo 10.- Comprobación administrativa.

1.- Á vista da documentación achegada ou de calquera outra relativa a estas construcións, instalacións ou obras e das efectivamente realizadas así como do custo real e efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible aplicada anteriormente, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte, sen prexuízo da imposición das sancións que sexan aplicables de acordo co disposto nesta ordenanza.

Artigo 11. Bonificacións na cota.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 103.2 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, que establece a posibilidade de regular unha bonificación de ata o 95% da cota do imposto das construcións, instalacións e obras a favor de aquelas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico-artísticas ou de fomento do emprego, gozarán de dita bonificación no seu importe máximo do 95% as seguintes obras:

c. As dedicadas á construción, rehabilitación ou reparación da vivenda habitual das persoas en situación de emerxencia social.

Consideraranse en situación de emerxencia social, aquelas que requiren urxente atención de carácter paliativo, derivadas da inadecuación ou dotación da vivenda habitual de aquelas persoas que carecen de medios económicos suficientes para facer fronte a esta situación. A documentación a presentar será a seguinte:

- G) Informe social que acredite a situación de emerxencia social.
- H) Informe do técnico competente sobre a situación de emerxencia social relativo a súa localización, características, estado de deterioro, servicios, salubridade, seguridade e distribución.
- I) Fotocopia do DNI do solicitante e do resto da Unidade Familiar de convivencia e do libro de familia.
- J) Certificado de empadramento que especifique que os membros da unidade familiar residen na vivenda en cuestión.

PLENO

- K) Certificación acreditativa da propiedade da vivenda.
- L) Xustificantes dos ingresos familiares, mediante a oportunas declaracións da renda ou certificados de imputacións que acrediten os ingresos da unidade familiar, incluíndo axudas públicas. O importe máximo da renda dispoñible da unidade familiar ponderada segundo os coeficientes do seguinte párrafo, entendida como a parte xeral e especial da Base Imponíble regulada na lei sobre o imposto sobre a renda das persoas físicas, antes de proceder as deducións por mínimo persoal e familiar non poderá superar o importe anual do salario mínimo interprofesional. Os coeficientes aplicables segundo o número de membros da unidade familiar son os seguintes:

Nº membros unidade familiar:	Coficiente
1:	1
2:	0,9
3:	0,8
4:	0,7
5 ou máis:	0,5

d. Aquelas outras instalacións u obras diferentes das sinaladas anteriormente e que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Os donos das obras deberán ser obrigatoriamente:
 - 1. Administracións públicas ou organismos dependentes das mesmas, que conforme a lexislación de contratación administrativa estean incluídos dentro do concepto de administración pública.
 - 2. Entidades ou asociacións sen ánimo de lucro.
- b. As obras deberán referirse obrigatoriamente a equipamentos dirixidos á comunidade ou rehabilitación ou conservación do patrimonio histórico-artístico, catalogado coma tal segundo a lexislación correspondente.

A documentación a presentar será a seguinte:

- d) Acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado anterior, presentando unha memoria acreditativa.
- e) As edificacións, instalacións u obras dedicadas á gandería, agropecuarias e o sector forestal produtivo (non transformación) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A documentación a presentar será a seguinte:

- c) Acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado anterior, presentando unha memoria acreditativa do número de postos de traballo a crear ou a manter no seu caso, axuntando copia do boletíns de

PLENO

- cotizacións TC-2 á Seguridade Social dos traballadores.
- d) Acreditamento de estar ao corrente coas obrigas tributarias co Estado, Concello e Comunidade Autónoma, así coma coa Seguridade Social.
- f) As edificacións, instalacións u obras dedicadas á implantación ou ampliación dunha nova actividade económica ou empresarial nos Polígonos Industriais do concello de Oroso, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, cumprindo as seguintes condicións mínimas:
- a. As actividades económicas deberán estar implantadas nos Polígonos Industriais do concello de Oroso, delimitados como aquelas parcelas cualificadas coma de solo de uso industrial segundo o Plan Xeral do Concello de Oroso.
 - b. Unicamente procederá a declaración de interese municipal para a implantación dunha nova actividade económica, entendendo por tal aquela que conleve a edificación en solares baleiros, ou ben á ampliación de instalacións ou edificacións de industrias existentes, sempre e cando conleve a creación de novo emprego.
 - c. Acreditar el alta en el Censo de actividades económicas, mediante presentación de modelo 036 ou equivalente.
 - d. A actividade deberá contar con todas as licencias ou permisos de actividade sectoriais precisos, así coma en todo caso contar con licencia de obra das edificacións obxecto de bonificación e de primeira ocupación (licencia ou comunicación previa).
 - e. Deberá acreditarse ter solicitada a alta das novas construcións ou instalacións no Catastro.
 - f. Estar ao corrente no pago de todos os tributos municipais e estatais así coma o corrente no pago das súas obrigas coa Seguridade Social.

Para o disfrute desta bonificación, os interesados deberán presentar xunto coa solicitude de licencia de obra ou declaración responsable ou comunicación previa, a correspondente de concesión de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego na Sede Electrónica municipal, acompañada da seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da solicitude na que se explique entre outros aspectos:
 - a. Situación da actividade, indicando o número de referencia catastral.
 - b. Descrición da actividade económica e das obras previstas, indicando someramente os procesos produtivos que se desenvolven na parcela, así coma

PLENO

a utilidade das obras e instalacións proxectadas para a creación de postos de traballo.

c. Número previsto de creación de postos de traballo da actividade que teñan coma centro de traballo as instalacións na parcela indicada. No suposto de solicitarse a bonificación por ampliación de instalacións, indícase o número previsto de traballadores existentes antes e despois da mesma. A porcentaxe de bonificación a que dará lugar a concesión da declaración de utilidade de especial interese ou utilidade municipal será a seguinte en función do acreditamento do número de novos postos de traballo creados:

Ata 10 postos de traballo creados 50 %

De 11 a 20 postos de traballo creados 75 %

Máis de 20 postos de traballo creados 95 %

O importe da bonificación aplicarase no momento da aprobación da liquidación definitiva do imposto, unha vez rematada a obra e obtida a preceptiva licenza de primeira ocupación ou comunicación previa, para o cal, o suxeito pasivo deberá presentar xunto coa documentación acreditativa do custe real da obra, a seguinte documentación que acredite a creación efectiva dos novos postos de traballo:

a) Certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de que a empresa está ao corrente coas súas obrigas tributarias.

b) Certificado en vigor expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social de que a empresa está ao corrente coas súas obrigas.

c) Acreditamento da presentación do modelo de alta das novas construcións e instalacións no Catastro, se no se presentase anteriormente.

d) Indicación e descrición das autorizacións sectoriais posuídas para o desenvolvemento da actividade económica, indicando no seu caso o número de inscrición en Rexistros autonómicos ou estatais.

e) Acreditamento do número de postos de traballo creados mediante a aportación de:

a. Copia dos contratos de traballo dos novos traballadores, no que quede acreditado que o centro de traballo correspóndese co inmovible para o que se solicita a bonificación.

b. Copia modelos "TC2" do derradeiro exercicio económico dos novos traballadores.

c. Certificado de vida laboral dos traballadores.

Non dará lugar a aplicación da bonificación concedida:

1º) O non acreditamento suficiente da creación dos novos postos de traballo comprometidos na solicitude inicial.

2º) A prescrición do prazo para practicar a liquidación definitiva do Imposto

3º) A declaración da caducidade da licenza de obra concedida ou o transcurso do prazo máximo de vixencia da mesma.

4º) A denegación da concesión da licenza de primeira ocupación das obras obxecto de licenza por non cumprir as condicións da licenza concedida ou incumprimento das condicións establecidas na comunicación previa.

2. Para gozar dalgunha das bonificacións do párrafo anterior, que non serán acumulativas, será necesario que se solicite polo suxeito pasivo a declaración

PLENO

de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá facerse, antes do inicio das construcións, instalacións ou obras, mediante escrito separado, ó tempo de presenta-la solicitude de licencia municipal que autorice a súa realización.

3. Unha vez informada a solicitude e a licencia municipal, formularase proposta ó Pleno da Corporación os efectos de determinar se concorren as circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, o cal decidirá por maioría simple.

4.- Outorgada se procede a declaración, notificarase o suxeito pasivo.

2. Gozarán de unha bonificación do 90% as construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, sempre e cando as mesmas non formen parte de un proxecto de obra nova e se realicen de forma independente.

3. Gozarán dunha bonificación de ata o 50% da cuota as construcións de nova planta de vivendas suxeitas ó réxime de protección pública (VPP ou VPA)

A bonificación prevista neste artigo só alcanzará ás vivendas de protección pública contempladas na Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Para ese efecto, no suposto de promocións mixtas que inclúan locais ou vivendas libres e vivendas protexidas, a porcentaxe de bonificación aplicarase á parte de cota correspondente ás construcións, instalacións e obras destinadas estritamente á construción das vivendas protexidas a que se refire este precepto. Igual prevención terá lugar no caso de que a promoción comprenda vivendas suxeitas a réximes de protección pública distintos dos referidos neste artigo.

En ambos os casos, para gozar da bonificación, deberase achegar polo interesado unha desagregación do orzamento no que se determine razoadamente o custo que supón a construción dunhas e outras vivendas. No caso de que non fose posible a súa desagregación, a efectos da bonificación se prorrateará o orzamento en proporción ás respectivas superficies. Así mesmo, será necesario presentar, en todo caso, copia da cualificación provisional das vivendas, expedida polo organismo competente da Comunidade de Galicia.

4.- Gozarán dunha bonificación do 50% da cuota as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. En ningún caso se concederá esta bonificación cando a implantación de este tipo de sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

PLENO

3.- En ningún caso reivindicarán intereses as cantidades que houbera que reembolsar ó suxeito pasivo como consecuencia de autoliquidacións ingresadas a conta sen terse practicado as bonificacións reguladas nesta ordenanza, por causa da falla de acreditación dos requisitos esixidos para a súa aplicación no momento da autoliquidación e ingreso a conta.

Artigo 11. Procedemento de concesión das bonificacións.

1.- Non procederá outorgar as bonificacións reguladas nos puntos anteriores a aquelas construcións, instalacións ou obras que empezasen ou rematasen sen haber solicitado a correspondente licencia de obras municipal.

2.- As bonificacións establecidas anteriormente non serán compatibles entre si. No caso de que algunha construción, instalación u obra puidera incluírse en varios supostos de bonificación, o interesado deberá optar pola que desexe que lle sexa aplicable, entendéndose, en caso de indicarse máis de unha que elixe aquela a que se atribúa maior importe de bonificación.

3.- Sen prexuízo do sinalado no artigo anterior respecto dos prazos e documentación específica a presentar con cada solicitude o procedemento será o seguinte:

- d) A bonificación ten carácter rogado e a solicitude entenderase efectuada cando o suxeito pasivo practique a autoliquidación do imposto deducíndose o importe da bonificación.
- e) Á solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:
 - a. Aquela que xustifique a pertinencia do beneficio fiscal.
 - b. Identificación da licencia de obras ou urbanística, declaración responsable ou comunicación previa.
- f) Orzamento desglosado das construcións, instalacións ou obras ou de aquela parte das mesmas para as que se insta o beneficio fiscal.

3. Se a inclusión das devanditas construcións, instalacións ou obras nalgún dos supostos bonificables dependese de actos ou cualificacións que houberen de producirse necesariamente con posterioridade, será suficiente coa xustificación do inicio dos trámites encamiñados á súa obtención. En tal suposto, a bonificación quedará condicionada á súa oportuna xustificación, o que deberá efectuarse no prazo dun mes desde a obtención da cualificación ou documento acreditativo da súa inclusión no correspondente suposto.

4. Se a solicitude de bonificación non reunise os requisitos indicados ou estes fosen insuficientes para a adopción da resolución que proceda, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días emende a falta ou acompañe a documentación preceptiva, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude e procederase ao arquivo, sen máis trámite, das actuacións, nos termos do artigo 89 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de

PLENO

desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado por Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Neste caso, procederase, polos órganos de xestión do imposto, no seu caso, a practicar liquidación provisional polo importe da bonificación indebidamente aplicada e cos intereses e recargas pertinentes, sen prexuízo das sancións a que houber lugar se se apreciase a existencia de infracción tributaria.

5. Se se denega a bonificación ou resultaren inadecuados as porcentaxes de bonificación aplicados polo obrigado tributario na autoliquidación presentada, procederase a virar de oficio liquidación provisional sen a bonificación ou coa porcentaxe que proceda e cos intereses ou recargas que correspondan; todo iso, sen prexuízo das sancións a que houber lugar se se apreciase a existencia de infracción tributaria.

6. O establecido nos apartados 4 e 5 non será de aplicación nos supostos de bonificacións cuxa apreciación corresponde ó Pleno da Corporación en cuxo caso de denegarse a mesma practicarase de oficio unha liquidación provisional sen a bonificación entendéndose a mesma en período voluntario.

7. A concesión da bonificación ou, no seu caso, a liquidación provisional que conteña o recoñecemento implícito da devandita bonificación, estarán condicionadas ao establecido na licenza municipal ou ao manifestado na declaración responsable ou na comunicación previa e á acreditación ou obtención das cualificacións ou actos esixibles para ter dereito á correspondente bonificación, quedando aquela automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, tanto no suposto de incumprimento de tales condicións como no de denegación da licenza ou ineficacia da declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 12. Inspección e recadación.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 13. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, se aplicará o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición Adicional Única.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que

PLENO

resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

Disposición Derogatoria.

Queda derogada a Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalación e Obras na súa redacción dada polo acordo do Pleno adoptado na súa sesión de data 25 de xaneiro de 2018 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no BOP número 59 de data 27 de marzo de 2018.

Disposición Final.

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO.

MÓDULOS UNITARIOS DE VALORACIÓN A EFECTOS DO ORZAMENTO OU COSTE DE OBRAS, INSTALACIÓNS, CONSTRUCCIÓNS E REFORMAS, PARA APLICACIÓN DO PORCENTAXE CORRESPONDENTE Ó IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Como punto de partida se establece un módulo básico de construción (M), de maneira que sobre este módulo básico de construción, se aplica un coeficiente de uso e de tipoloxía, en función do tipo de obra e/ou edificación de que se trate. O módulo básico de construción (Mb), expresado en €/m² será o vixente no Colexio de Arquitectos de Galicia no momento da presentación da solicitude de licencia, declaración responsable ou comunicación previa, ou no caso de non presentarse estas, no momento en que os servizos municipais inicien o expediente de liquidación do imposto. No caso de non existencia do devandito módulo ou de manifesta falta de adecuación do mesmo ós valores de mercado, o valor do mesmo será aprobado polo Alcalde-Presidente en base a informe dos servizos técnicos municipais de acordo a estudos de mercado.

Para o cálculo da base á que aplicar o ICIO, determinarase o valor do módulo de construción (Mc), como resultado de aplicar ó Módulo base (M), o coeficiente tipolóxico Ct, e o coeficiente de uso predominante (Cu) á superficie construída da edificación ou da parte da mesma sobre a que se interveña.

$$Mc = Mb \times Ct \times Cu \times \text{Superficie}$$

O valor dos coeficientes de tipoloxía e uso obtense do seguinte:

Coeficiente tipolóxico (Ct):

1. En edificacións de nova planta e adicións.

PLENO

1,20 Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada. Sótanos a partir de 3º.

1,10 Agrupación en fila ou ringleira. Sótanos 1º y 2º.

1,00 Edificio en mazá pechada. Edificación aberta vivenda colectiva.

2. En obras de reforma e rehabilitación.

1,20 Rehabilitación total incluíndo desmontaxe de fachadas.

1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas.

0,65 Reforma interior de instalacións e acabados conservando a estrutura existente.

0,50 Reformas de elementos estruturais.

0,35 Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpintería e pechamentos (aplicada á superficie da fachada). Reforma interior instalacións.

0,30 Reforma de acabados interiores.

0,08 Substitución material cobertura.

0,02 Pintado de fachadas. Demolicións e derribos.

3. En obras non edificatorias.

1,00 Parcelas cámpings. Acondicionamento de terreos.

0,15 Peches de parcelas de mampostería, formigón, sillería ou similar.

0,10 Peches de zócalo, postes y arame.

0,04 Peches de poste e arame.

0,02 Tallos.

Coefficiente de usos (Cu):

1,65 Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5*. Edificios bancarios.

1,55 Hospitais. Laboratorios. Igrexas.

1,45 Bibliotecas. Facultades e Escolas Universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais Marítimas e Aéreas.

1,35 Clubes sociais. Cines. Centros de Saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Salas de festas. Discotecas. Colexios con Residencia.

1,25 Casas de Cultura. Casas Consistoriais. Locais Bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade. Aparta hoteis. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros.

1,15 Vivenda. Hoteis de 2*. Residencias Universitarias. Moteis.

1,05 Residencial VPO. Oficinas. Gardarías. Centros docentes. Hoteis de 1*. Ambulatorios. Hostais-Residencias. Restaurantes. Estacións de Autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas. Demolicións e derribos. Peches de parcela.

0,95 Bares. Mercados.

0,85 Centro comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows. Servicios cámpings. 0,70 Edificios de aparcamentos. Local comercial. Establecementos comerciais industria escaparate.

0,55 Piscinas descubertas. Cemiterios.

0,50 Naves industriais e comerciais.

0,45 Locais en planta baixa ou semisótano sen uso específico. Garaxes e Aparcamentos. Estacións de Servicio.

0,40 Trasteiros. Porches e terrazas abertas.

PLENO

0,35 Almacéns. Instalacións deportivas descubertas.
0,25 Proxectos de urbanización.
0,20 Acondicionamento de naves con obras mínimas.
0,15 Proxectos de urbanización (adsritos á edificación). Parcelas cámpings.
0,10 Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores.
Acondicionamento de terreos.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional

4.-Aprobar se procede inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos (EXP. 2023/G016/000003).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 17 de marzo de 2023 pola que se ordea o inicio do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos do Concello de Oroso.

LOGO DE VER o borrador da Ordenanza Fiscal que se incorpora ó expediente TEDEC 2023/G016/000003 de data 17 de marzo de 2023.

LOGO DE VER o informe técnico-económico da Tesourería de data 21 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Secretaría de data 20 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Intervención de data 21 de marzo de 2023

CONSIDERANDO que:

- O Concello de Oroso conta cunha regulación da taxa por prestación de servizos urbanísticos na súa redacción dada por acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2009 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no Boletín Oficial de Provincia número 273 de data 30 de decembro de 2009.

- A normativa urbanística sufriu unha importante transformación nos últimos anos producíndose un desprazamento da técnica autorizadora e do control administrativo que pasa a realizarse a posteriori. A proposta supón a

PLENO

derrogación e aprobación dunha nova ordenanza fiscal coma consecuencia da necesidade de adaptar a regulación do mesmo ás modificacións operadas coa introdución das declaracións responsables e comunicacións previas.

O artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro define e sinala as diferencias entre o réxime de declaración responsable e comunicación previa no seguinte sentido:

“A los efectos de esta Ley, se entenderá por declaración responsable el documento suscrito por un interesado en el que éste manifiesta, bajo su responsabilidad, que cumple con los requisitos establecidos en la normativa vigente para obtener el reconocimiento de un derecho o facultad o para su ejercicio, que dispone de la documentación que así lo acredita, y que la pondrá a disposición de la Administración cuando le sea requerida, y que se compromete a mantener el cumplimiento de las anteriores obligaciones durante el período de tiempo inherente a dicho reconocimiento o ejercicio. Los requisitos a los que se refiere el párrafo anterior deberán estar recogidos de manera expresa, clara y precisa en la correspondiente declaración responsable. Las Administraciones podrán requerir en cualquier momento que se aporte la documentación que acredite el cumplimiento de los mencionados requisitos y el interesado deberá aportarla.

A los efectos de esta Ley, se entenderá por comunicación aquel documento mediante el que los interesados ponen en conocimiento de la Administración Pública competente sus datos identificativos o cualquier otro dato relevante para el inicio de una actividad o el ejercicio de un derecho.

- Las declaraciones responsables y las comunicaciones permitirán, el reconocimiento o ejercicio de un derecho o bien el inicio de una actividad, desde el día de su presentación, sin perjuicio de las facultades de comprobación, control e inspección que tengan atribuidas las Administraciones Públicas.*
- No obstante lo dispuesto en el párrafo anterior, la comunicación podrá presentarse dentro de un plazo posterior al inicio de la actividad cuando la legislación correspondiente lo prevea expresamente.*
- La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, de cualquier dato o información que se incorpore a una declaración responsable o a una comunicación, o la no presentación ante la Administración competente de la declaración responsable, la documentación que sea en su caso requerida para acreditar el cumplimiento de lo declarado, o la comunicación, determinará la imposibilidad*

PLENO

de continuar con el ejercicio del derecho o actividad afectada desde el momento en que se tenga constancia de tales hechos, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que hubiera lugar.

- *Asimismo, la resolución de la Administración Pública que declare tales circunstancias podrá determinar la obligación del interesado de restituir la situación jurídica al momento previo al reconocimiento o al ejercicio del derecho o al inicio de la actividad correspondiente, así como la imposibilidad de instar un nuevo procedimiento con el mismo objeto durante un período de tiempo determinado por la ley, todo ello conforme a los términos establecidos en las normas sectoriales de aplicación.*
- *Las Administraciones Públicas tendrán permanentemente publicados y actualizados modelos de declaración responsable y de comunicación, fácilmente accesibles a los interesados.*
- *Únicamente será exigible, bien una declaración responsable, bien una comunicación para iniciar una misma actividad u obtener el reconocimiento de un mismo derecho o facultad para su ejercicio, sin que sea posible la exigencia de ambas acumulativamente.”*

CONSIDERANDO pois que coa modificación proposta se pretende corrixir o desfasamento existente entre a normativa tributaria e a normativa substantiva en materia de urbanismo sendo os obxectivos principais da modificación os seguintes:

a) Determinar que a base impositiva da Taxa está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela. Quedan excluídos da base impositiva o Imposto sobre o Valor Engadido e demais Impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos, prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, e calquera outro concepto que non integre estritamente, o custo de execución material.

b) A taxa executarase en réxime de autoliquidación compatible co desprazamento do control administrativo a posteriori, debendo acreditarse mediante a presentación da declaración-liquidación, o ingreso das cantidades correspondentes. A autoliquidación terá carácter provisional,

PLENO

procedéndose á posterior comprobación municipal e, no seu caso, á práctica da liquidación definitiva que proceda.

c) Establecer as seguintes cuotas fixas non contempladas na Ordenanza actualmente en vigor:

a) Tramitación prórroga de licencia, declaracións responsables ou comunicacións previas relativas a obra menor: 11,25 euros.

b) Tramitación de prórroga de licencia de obra maior:

- Se se trata de vivenda unifamiliar: 22,50 euros.

- Se se trata de edificación en réxime de propiedade horizontal: 22,50 euros por cada unidade susceptible de propiedade individual.

- Se se trata de edificios de carácter industrial ou comercial: 30 euros.

c) Tramitación toma de razón de cambio de titularidade de licenza, declaración responsable ou comunicación previa de obras: 11,25 euros.

d) Tramitación de expedientes contraditorios de ruína de edificios: 120 euros.

e) Tramitación expediente de estudos de detalle: 500,00 euros.

f) Tramitación expedientes de plans especiais, plans parciais e plans de sectorización: 820,00 euros.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: *Modificar a vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos do Concello de Oroso (BOP número 273 de data 30 de decembro de 2009), de tal xeito que a Ordenanza unha vez introducida a modificación proposta quedaría como segue:*

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.- En uso das facultades conferidas os artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 4 e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Oroso establece a Taxa por prestación de servizos urbanísticos que se rexera pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da Taxa a realización da actividade municipal técnica e administrativa que se refira, afecte ou beneficie de modo particular

PLENO

ó suxeito pasivo, necesaria para a prestación dos seguintes servizos urbanísticos:

- a) *Tramitación de consultas previas e informes urbanísticos e expedición de certificados urbanísticos.*
- b) *Expedición de cédulas urbanísticas.*
- c) *Sinalamento de aliñacións.*
- d) *Servizos de control e comprobación, previa ou posterior, referentes ó outorgamento das licencias urbanísticas, cando así sexa esixible, así como das autorizacións e/ou comprobacións urbanísticas relativas ás actuacións suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa.*
- e) *Tramitación de expedientes contraditorios de ruína de edificios.*
- f) *Tramitación de toma de razón de cambio de titularidade de licencias urbanísticas.*
- g) *Tramitación expedientes estudos de detalles promovidos a instancia de particular.*
- h) *Tramitación expedientes de plans especiais, plans parciais e plans de sectorización*

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos da taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarios ou afectados pola prestación deste servizo ou actividade municipal que constitúe o obxecto da presente taxa, xa sexan propietarios ou poseedores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2.- En todo caso, terán a consideración de substitutos do contribuinte os constructores e contratistas das obras.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuinte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuinte quenes soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes comunicacións previas ou quenes realicen as construcións, instalacións ou obras.

3.- O substituto podrá requirir do contribuinte o importe da cota tributaria satisfecha.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

1.- Son responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 41.1 e 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

PLENO

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

1.- A base imponible deste Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

2.- Quedan excluídos da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais Impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos, prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, e calquera outro concepto que non integre estritamente, o custo de execución material.

ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA.

1.- Con carácter xeral a cota tributaria resultará de aplicar á base imponible o tipo de gravame de 0,01 euros por cada euro do presuposto de execución material cun mínimo de 50 euros.

2.- Non obstante establécese unha cota fixa segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar e/ou dos servizos técnicos e administrativos a prestar nos seguintes casos:

a) Consultas previas, informes, certificados ou cédulas urbanísticas:

- Para unha parcela: 20 euros

- Para cada dúas ou mais parcelas: 15 euros por parcela.

b) Comunicación previa de primeira ocupación e funcionamento.

- para vivendas unifamiliares:

-80,00 euros para vivendas de menos de 200 m²

-120,00 euros para vivendas de 200 m² ou máis

- para edificios de vivendas:

-20 euros por vivenda

-16 euros por cada 100 m² ou fracción comercial o industrial

- 12 euros por cada 100 m² ou fracción de garaxe e trasteiros

- para naves e instalacións industriais e comerciais:

- 90 euros de cuota fixa por edificación

- 12 euros por cada 200 m² o fracción

- para outras edificacións:

- Ata 200 m²: 0,30 €/m²

- De máis 200 m² hasta 1000 m²: 1,50 €/m² este tramo.

- De máis 1000 m²: 2,50 €/m² este tramo

- Tarifa mínima: 20 euros

d) Licencias de segregación ou parcelación.

PLENO

En función do número de parcelas resultantes:

- para dos parcelas resultantes: 80 € por parcela
- para tres parcelas resultantes: 60 € por parcela
- para cuatro parcelas resultantes: 50 € por parcela
- para cinco o más parcelas resultantes: 45 € por parcela

e) Sinalamento de aliñacións e rasantes

- una cuota fixa de 50 euros.

- 1,20 euros por cada metro lineal de aliñación

f) Tramitación prórroga de licenza, declaracións responsables ou comunicacións previas relativas a obra menor: 11,25 euros.

g) Tramitación de prórroga de licenza de obra maior:

- Se se trata de vivenda unifamiliar: 22,50 euros.

- Se se trata de edificación en réxime de propiedade horizontal: 22,50 euros por cada unidade susceptible de propiedade individual.

- Se se trata de edificios de carácter industrial ou comercial: 30 euros.

h) Tramitación toma de razón de cambio de titularidade de licenza, declaración responsable ou comunicación previa de obras: 11,25 euros.

i) Tramitación de expedientes contraditorios de ruína de edificios: 120 euros.

j) Tramitación expediente de estudos de detalle: 500,00 euros.

k) Tramitación expedientes de plans especiais, plans parciais e plans de sectorización: 820,00 euros.

ARTIGO 7.- BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 8.- DEVEÑO.

1.- Deveñase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade coa incoación do oportuno expediente, a solicitude do interesado ou de oficio polo Concello de Oroso.

2.- A obriga de contribuir unha vez nacida non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 9. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1.- As taxas por prestación de servizos urbanísticos esixiranse en réxime de autoliquidación, cando se realice a petición do interesado e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración municipal.

PLENO

2.- No primeiro caso os suxeitos pasivos están obrigados a practicar a autoliquidación nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Municipal e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

3.- Cando as obras se iniciasen ou executasen sen obter a oportuna licenza ou sen haberse presentado a comunicación previa ou declaración responsable, considerarase o acto de comprobación coma a iniciación do trámite das mesmas, coa obriga do suxeito pasivo de aboar a taxa establecida, sen prexuízo da sanción que corresponda pola infracción urbanística cometida.

4.- As licencias, declaracións responsables ou comunicacións previas que modifiquen outras concedidas anteriormente, considerarase a efectos desta taxa como novas licencias, declaracións responsables ou comunicacións previas e tributarán polas tarifas correspondentes.

5.- O pago da autoliquidación presentada polo interesado ou da liquidación inicial notificada polo Concello terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que proceda.

6.- O Concello de Oroso, unha vez realizadas as actuacións motivadoras polos servizos urbanísticos prestados, tras a comprobación de estos e das autoliquidacións presentadas ou aboadas, cando existan, practicará as correspondentes liquidacións definitivas.

7.- O pago da taxa non presupón nen outorga a autorización urbanística, ata ter obtido a correspondente resolución administrativa.

ARTIGO 10.- COMPROBACIÓN E INVESTIGACIÓN.

1.- A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

ARTIGO 11. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.- Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta Ordenanza derroga expresamente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos urbanísticos na súa redacción dada por acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión plenaria de data 30 de

PLENO

outubro de 2009 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no Boletín Oficial de Provincia número 273 de data 30 de decembro de 2009.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e, en todo caso, unha vez transcurridos os prazos a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo. *De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que vale esta intervención para este punto e para o seguinte. Sinala que o seu grupo apoiou a eliminación da plusvalía pois consideraba que era un tributo confiscatorio e inxusto, pero no resto de taxas e tributos non podemos ser sempre o patifio feo das administracións e quitar todos os tributos xa que os concellos teñen unhas vías de recadación moi limitadas. O tema do imposto de vehículos por exemplo xa dixemos mais dunha vez que está moi baixo neste concello.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que non están facendo trampas a nada como dixo antes o Alcalde, neste caso estamos a falar do ICIO e alí o Concello sae perdendo na comparación, cando falemos doutros tributos diremos o que teñamos que dicir.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que está de acordo co dito por D. José Manuel Mirás Pulleiro, pero neste caso non atopamos motivos para votar en contra dun axuste que se fai á baixa.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que antes era unha taxa de 50 euros e é certo que nus casos se baixa pero noutros se sube.

Intervén o Sr. Alcalde quen agradece a postura responsable de Oroso Renovable e que efectivamente está de acordo en que se ten que equilibrar ingresos e gastos, e que é precisamente o que están a facer, equilibrar.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

PLENO

Votos a favor: oito (5 do PSdeG-PSOE; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: catro (4 do PP) ditamina favorablemente o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos do Concello de Oroso (BOP número 273 de data 30 de decembro de 2009), de tal xeito que a Ordenanza unha vez introducida a modificación proposta quedaría como segue:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.- En uso das facultades conferidas os artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 4 e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Oroso establece a Taxa por prestación de servizos urbanísticos que se rexera pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da Taxa a realización da actividade municipal técnica e administrativa que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ó suxeito pasivo, necesaria para a prestación dos seguintes servizos urbanísticos:

- i) Tramitación de consultas previas e informes urbanísticos e expedición de certificados urbanísticos.
- j) Expedición de cédulas urbanísticas.
- k) Sinalamento de aliñacións.
- l) Servizos de control e comprobación, previa ou posterior, referentes ó outorgamento das licencias urbanísticas, cando así sexa esixible, así como das autorizacións e/ou comprobacións urbanísticas relativas ás actuacións suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa.
- m) Tramitación de expedientes contraditorios de ruína de edificios.
- n) Tramitación de toma de razón de cambio de titularidade de licencias urbanísticas.
- o) Tramitación expedientes estudos de detalles promovidos a instancia de particular.
- p) Tramitación expedientes de plans especiais, plans parciais e plans de sectorización

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.

PLENO

1.- Son suxeitos pasivos da taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarios ou afectados pola prestación deste servizo ou actividade municipal que constitúe o obxecto da presente taxa, xa sexan propietarios ou poseedores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2.- En todo caso, terán a consideración de substitutos do contribuinte os constructores e contratistas das obras.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuinte terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuinte quen soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

3.- O substituto podrá requirir do contribuinte o importe da cota tributaria satisfecha.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

1.- Son responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 41.1 e 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

1.- A base imponible deste Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

2.- Quedan excluídos da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais Impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos, prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, e calquera outro concepto que non integre estritamente, o custo de execución material.

ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA.

PLENO

1.- Con carácter xeral a cota tributaria resultará de aplicar á base impositiva o tipo de gravame de 0,01 euros por cada euro do presuposto de execución material cun mínimo de 50 euros.

2.- Non obstante establécese unha cota fixa segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar e/ou dos servizos técnicos e administrativos a prestar nos seguintes casos:

- a) Consultas previas, informes, certificados ou cédulas urbanísticas:
 - Para unha parcela: 20 euros
 - Para cada dúas ou mais parcelas: 15 euros por parcela.
- b) Comunicación previa de primeira ocupación e funcionamento.
 - para vivendas unifamiliares:
 - 80,00 euros para vivendas de menos de 200 m²
 - 120,00 euros para vivendas de 200 m² ou máis
 - para edificios de vivendas:
 - 20 euros por vivenda
 - 16 euros por cada 100 m² ou fracción comercial o industrial
 - 12 euros por cada 100 m² ou fracción de garaxe e trasteiros
 - para naves e instalacións industriais e comerciais:
 - 90 euros de cuota fixa por edificación
 - 12 euros por cada 200 m² o fracción
 - para outras edificacións:
 - Ata 200 m²: 0,30 €/m²
 - De máis 200 m² hasta 1000 m²: 1,50 €/m² este tramo.
 - De máis 1000 m²: 2,50 €/m² este tramo
 - Tarifa mínima: 20 euros
- d) Licencias de segregación ou parcelación.
En función do número de parcelas resultantes:
 - para dos parcelas resultantes: 80 € por parcela
 - para tres parcelas resultantes: 60 € por parcela
 - para cuatro parcelas resultantes: 50 € por parcela
 - para cinco o máis parcelas resultantes: 45 € por parcela
- e) Sinalamento de aliñacións e rasantes
 - una cuota fixa de 50 euros.
 - 1,20 euros por cada metro lineal de aliñación
- f) Tramitación prórroga de licencia, declaracións responsables ou comunicacións previas relativas a obra menor: 11,25 euros.
- g) Tramitación de prórroga de licencia de obra maior:
 - Se se trata de vivenda unifamiliar: 22,50 euros.
 - Se se trata de edificación en réxime de propiedade horizontal: 22,50 euros por cada unidade susceptible de propiedade individual.
 - Se se trata de edificios de carácter industrial ou comercial: 30 euros.
- h) Tramitación toma de razón de cambio de titularidade de licenza, declaración responsable ou comunicación previa de obras: 11,25 euros.
- i) Tramitación de expedientes contraditorios de ruína de edificios: 120 euros.
- j) Tramitación expediente de estudos de detalle: 500,00 euros.

PLENO

k) Tramitación expedientes de plans especiais, plans parciais e plans de sectorización: 820,00 euros.

ARTIGO 7.- BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 8.- DEVEÑO.

1.- Deveñase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade coa incoación do oportuno expediente, a solicitude do interesado ou de oficio polo Concello de Oroso.

2.- A obriga de contribuir unha vez nacida non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 9. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1.- As taxas por prestación de servizos urbanísticos esixíranse en réxime de autoliquidación, cando se realice a petición do interesado e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración municipal.

2.- No primeiro caso os suxeitos pasivos están obrigados a practicar a autoliquidación nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Municipal e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

3.- Cando as obras se iniciasen ou executasen sen obter a oportuna licenza ou sen haberse presentado a comunicación previa ou declaración responsable, considerarase o acto de comprobación coma a iniciación do trámite das mesmas, coa obriga do suxeito pasivo de aboar a taxa establecida, sen prexuízo da sanción que corresponda pola infracción urbanística cometida.

4.- As licencias, declaracións responsables ou comunicacións previas que modifiquen outras concedidas anteriormente, considerarase a efectos desta taxa como novas licencias, declaracións responsables ou comunicacións previas e tributarán polas tarifas correspondentes.

5.- O pago da autoliquidación presentada polo interesado ou da liquidación inicial notificada polo Concello terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que proceda.

PLENO

6.- O Concello de Oroso, unha vez realizadas as actuacións motivadoras polos servizos urbanísticos prestados, tras a comprobación de estos e das autoliquidacións presentadas ou aboadas, cando existan, practicará as correspondentes liquidacións definitivas.

7.- O pago da taxa non presupón nen outorga a autorización urbanística, ata ter obtido a correspondente resolución administrativa.

ARTIGO 10.- COMPROBACIÓN E INVESTIGACIÓN.

1.- A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta Ordenanza derroga expresamente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos urbanísticos na súa redacción dada por acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión plenaria de data 30 de outubro de 2009 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no Boletín Oficial de Provincia número 273 de data 30 de decembro de 2009.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e, en todo caso, unha vez transcurridos os prazos a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

PLENO

5.-Aprobar se procede inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da taxa por actividades administrativas relativas á apertura de establecementos, instalacións e actividades. (EXP. 2023/G016/000004).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 17 de marzo de 2023 pola que se ordea o inicio do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades administrativas relativa á apertura de establecementos, instalacións e actividades.

LOGO DE VER o borrador da Ordenanza Fiscal que se incorpora ó expediente TEDEC 2023/G016/000004 de data 17 de marzo de 2023.

E DE VER o informe técnico-económico de Tesourería de data 21 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Secretaría de data 20 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Intervención de data 21 de marzo de 2023

CONSIDERANDO que:

-A aprobación da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de Medidas Urxentes de Liberalización do Comercio e de Determinados Servizos, e a súa vontade de favorecer a remoción dos obstáculos administrativos que existen na actualidade para exercer determinadas actividades, levou á supresión de todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa, motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde pública, ligados aos establecementos comerciais cunha superficie de ata 750 metros cadrados e á prestación de determinados servizos que leven a cabo no territorio nacional, e que se detallan no Anexo da citada Lei.

-Esta formulación supón o desprazamento da técnica autorizadora, evitando os controis previos, por outras modalidades que faciliten a liberdade de establecemento e de prestación de servizos, propiciando a existencia de controis posteriores ao comezo da actividade, a través da inspección e de medidas de restauración ou disciplina para aqueles supostos en que se detecte un incumprimento da normativa aplicable e reguladora da actividade. Desta maneira, poderase iniciar a execución de obras e instalacións e o exercicio da actividade comercial e de servizos coa presentación dunha comunicación previa, na que o empresario declare cumprir os requisitos esixidos pola normativa vixente e dispoñer dos documentos que se esixan, ademais de estar en posesión do xustificante do pago do tributo correspondente cando sexa preceptivo.

- O control administrativo pasará a realizarse a posteriori aplicándose o réxime sancionador vixente en materia de comercio interior, ordenación do chan e urbanismo, protección da saúde, do medio ambiente e do patrimonio

PLENO

histórico artístico, de tal forma que este mecanismo non supoña un menoscabo das garantías na prestación do servizo aos consumidores nin dos deberes de cumprimento da normativa sectorial autonómica ou municipal aplicable.

CONSIDERANDO pois que coa modificación proposta se pretende corrixir o desfasamento existente entre a normativa tributaria e a normativa substantiva en materia de regulación da actividade administrativa relativa á apertura de establecementos, instalacións e actividades.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades administrativas relativa á apertura de establecementos, instalacións e actividades do Concello de Oroso (BOP número 206 de data 8 de setembro de 2003), de tal xeito que a Ordenanza unha vez introducida a modificación proposta quedaría como segue:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS RELATIVAS A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

1.- En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 4 e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Oroso establece a Taxa por actividades administrativas relativas a apertura de establecementos, instalacións e actividades que se rexera pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.- Feito Impoñible.

1. Constitúe o feito imoñible desta taxa o desenvolvemento da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar se a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, urbanística e medioambiental que resulte aplicable en cada momento a calquera establecemento industrial, comercial, profesional, de servizos e espectáculo público ou actividade recreativa, así como as súas modificacións, xa sexan da actividade ou do titular da actividade.

PLENO

2.- *Todo isto de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas polo artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 5 e 22.1 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 15 de xuño de 1955, modificado polo Real decreto 2009/2009, de 23 de decembro.*

3. *Estarán suxeitos a esta taxa todos os supostos de exercicio de actividade e de apertura de establecementos suxeitas ó réxime de declaración responsable ou comunicación previa así como aqueles outros nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza ou, no seu caso, a realización da actividade de verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial e, entre outros, os seguintes:*

- a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos.*
- b) A variación ou ampliación da actividade autorizada no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.*
- c) A ampliación do establecemento onde se desenvolve a actividade autorizada.*
- d) Y calquera alteración que se leve a cabo en este e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo requirindo nova verificación das mesmas.*

4.- *Entenderase por establecemento industrial ou mercantil, toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:*

- a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesana, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.*
- b) Aínda sen desenvolverse ditas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de persoas xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.*

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.

1.- *Son suxeitos pasivos da taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e o artigo 23.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou que xa se estea a desenvolver en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza para a mesma ou, no seu caso, presenten comunicación previa ou declaración responsable.*

PLENO

2. *Terán a condición de substitutos do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 23.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propietarios dos inmobles en que se pretende desenvolver ou xa se estea a desenvolver a actividade industrial, mercantil ou de servizos en xeral.*

3.- *O substituto poderá requirir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.*

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

1.- *Son responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 41.1 e 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

2.- *Serán responsables subsidiarios os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

1.- *A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a actividade, modulada en función da superficie do local, de acordo coa tarifa que contén o apartado seguinte.*

2.- *As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:*

<i>Superficie</i>	<i>Actividades non suxeitas a incidencia ambiental</i>	<i>Actividades suxeitas a incidencia ambiental</i>
<i>Ata 25m2</i>	<i>90 euros</i>	<i>120 euros</i>
<i>De 26 a 100 m2</i>	<i>120 euros</i>	<i>180 euros</i>
<i>De 101 a 200 m2</i>	<i>200 euros</i>	<i>280 euros</i>
<i>De 201 a 400 m2</i>	<i>350 euros</i>	<i>450 euros</i>
<i>Máis de 400 m2</i>	<i>500 euros</i>	<i>650 euros.</i>

3.- *A cota tributaria esixirase por unidade de local.*

4.- *Nos casos de ampliación da superficie do establecemento adicada a desenvolver a actividade, da cota que resulte por aplicación dos apartados anteriores deste artigo, deducirase o devengado por este concepto tributario*

PLENO

con ocasión da primeira apertura e de posteriores variacións ou ampliacións do local sendo a cantidade a ingresar a diferenza resultante.

Artigo 6. Exencións e bonificacións.

1.- De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais non se concederán máis exencións ou bonificacións que as que expresamente se prevexan nas leis ou as que se deriven da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 7. Debeño.

1.- Devidicase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade:

- a) En actividades suxeitas a licenza de apertura, na data de presentación da oportuna solicitude da licenza.*
- b) En actividades non suxeitas a autorización ou control previo, no momento de presentación da declaración responsable ou comunicación previa de inicio da actividade.*

2.- Cando as actividades se iniciasen sen obter a oportuna licenza ou sen haberse presentado a oportuna declaración responsable ou comunicación previa a Taxa debeñase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura no seu caso.

3.- A obriga de contribuir unha vez nacida non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada.

4.- No caso de renuncia ou desistimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, no seu caso, ou con anterioridade ao inicio da actividade, nos demais casos, as cotas a liquidar, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente, será do 50% da establecida nesta Ordenanza.

Artigo 8. Declaración e ingreso.

1.- A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación, cando se realice a petición do interesado e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración Municipal.

2.- Ó solicitarse a realización da actividade administrativa que constitúe o feito impositivo da taxa, deberá acreditarse mediante a presentación da declaración-liquidación, o ingreso das cantidades correspondentes.

PLENO

3.- *O pago da taxa non presupón nen outorga a autorización urbanística, ata ter obtido a correspondente resolución administrativa.*

4.- *Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura, comunicación ou declaración de inicio e practicada a autoliquidación e o seu ingreso, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración municipal, nos termos establecidos na normativa aplicable, achegando unha nova autoliquidación non seu caso.*

5. *As autoliquidacións presentadas polo contribuínte, para os efectos desta Ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditada resolución administrativa, practicarase, no seu caso, a liquidación definitiva que será notificada ao suxeito pasivo*

6.- *Cando os servizos municipais comprobren que se está exercitando calquera actividade sen obter a previa licenza preceptiva ou sen presentar a correspondente declaración responsable ou comunicación previa para o seu ulterior control segundo sexa o réxime xurídico aplicable, considerase o acto de comprobación como a iniciación do trámite de estas últimas, coa obriga do suxeito pasivo de aboar a taxa establecida , sen prexuízo da imposición das sancións ou medidas cautelares que procedan.*

ARTIGO 9.- Comprobación e investigación

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

ARTIGO 10. Infraccións e sancións.

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta Ordenanza derroga expresamente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos, instalacións e actividades na súa redacción dada por acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión plenaria de data 28 de agosto de 2003 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no Boletín Oficial de Provincia número 206 de data 8 de setembro de 2003.

PLENO

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e, en todo caso, unha vez transcurridos os prazos a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo. *De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: oito (5 do PSdeG-PSOE; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: catro (4 do PP) ditamina favorablemente o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades administrativas relativa á apertura de establecementos, instalacións e actividades do Concello de Oroso (BOP número 206 de data 8 de setembro de 2003), de tal xeito que a Ordenanza unha vez introducida a modificación proposta quedaría como segue:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS RELATIVAS A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

1.- En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 4 e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Oroso establece a Taxa por actividades administrativas relativas a apertura de establecementos, instalacións e actividades que se rexera pola presente Ordenanza Fiscal.

PLENO

Artigo 2.- Feito Impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa o desenvolvemento da actividade municipal, técnica e administrativa de control e comprobación a efectos de verificar se a actividade realizada ou que se pretende realizar se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial, urbanística e medioambiental que resulte aplicable en cada momento a calquera establecemento industrial, comercial, profesional, de servizos e espectáculo público ou actividade recreativa, así como as súas modificacións, xa sexan da actividade ou do titular da actividade.

2.- Todo isto de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas polo artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 5 e 22.1 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 15 de xuño de 1955, modificado polo Real decreto 2009/2009, de 23 de decembro.

3. Estarán suxeitos a esta taxa todos os supostos de exercicio de actividade e de apertura de establecementos suxeitas ó réxime de declaración responsable ou comunicación previa así como aqueles outros nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza ou, no seu caso, a realización da actividade de verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial e, entre outros, os seguintes:

- a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos.
- b) A variación ou ampliación da actividade autorizada no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento onde se desenvolve a actividade autorizada.
- d) Y calquera alteración que se leve a cabo en este e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo requirindo nova verificación das mesmas.

4.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil, toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- c) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesana, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.
- d) Aínda sen desenvolverse ditas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de persoas xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.

PLENO

1.- Son suxeitos pasivos da taxa, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e o artigo 23.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou que xa se estea a desenvolver en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza para a mesma ou, no seu caso, presenten comunicación previa ou declaración responsable.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 23.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propietarios dos inmobles en que se pretende desenvolver ou xa se estea a desenvolver a actividade industrial, mercantil ou de servizos en xeral.

3.- O substituto poderá requirir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

1.- Son responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 41.1 e 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a actividade, modulada en función da superficie do local, de acordo coa tarifa que contén o apartado seguinte.

2.- As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

Superficie	Actividades non suxeitas a incidencia ambiental	Actividades suxeitas a incidencia ambiental
Ata 25m2	90 euros	120 euros
De 26 a 100 m2	120 euros	180 euros
De 101 a 200 m2	200 euros	280 euros
De 201 a 400 m2	350 euros	450 euros

PLENO

Máis de 400 m2	500 euros	650 euros.
----------------	-----------	------------

3.- A cota tributaria esixirase por unidade de local.

4.- Nos casos de ampliación da superficie do establecemento adicada a desenvolver a actividade, da cota que resulte por aplicación dos apartados anteriores deste artigo, deducirase o devengado por este concepto tributario con ocasión da primeira apertura e de posteriores variacións ou ampliacións do local sendo a cantidade a ingresar a diferenza resultante.

Artigo 6. Exencións e bonificacións.

1.- De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais non se concederán máis exencións ou bonificacións que as que expresamente se prevexan nas leis ou as que se deriven da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 7. Deveño.

1.- Deivindicase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade:

- a) En actividades suxeitas a licenza de apertura, na data de presentación da oportuna solicitude da licenza.
- b) En actividades non suxeitas a autorización ou control previo, no momento de presentación da declaración responsable ou comunicación previa de inicio da actividade.

2.- Cando as actividades se iniciasen sen obter a oportuna licenza ou sen haberse presentado a oportuna declaración responsable ou comunicación previa a Taxa deveñase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura no seu caso.

3.- A obriga de contribuir unha vez nacida non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada.

4.- No caso de renuncia ou desistimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, no seu caso, ou con anterioridade ao inicio da actividade, nos demais casos, as cotas a liquidar, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente, será do 50% da establecida nesta Ordenanza.

Artigo 8. Declaración e ingreso.

PLENO

1.- A Taxa esixirase en réxime de autoliquidación, cando se realice a petición do interesado e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración Municipal.

2.- Ó solicitarse a realización da actividade administrativa que constitúe o feito impositivo da taxa, deberá acreditarse mediante a presentación da declaración-liquidación, o ingreso das cantidades correspondentes.

3.- O pago da taxa non presupón nen outorga a autorización urbanística, ata ter obtido a correspondente resolución administrativa.

4.- Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura, comunicación ou declaración de inicio e practicada a autoliquidación e o seu ingreso, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de pñerse en coñecemento da Administración municipal, nos termos establecidos na normativa aplicable, achegando unha nova autoliquidación non seu caso.

5. As autoliquidacións presentadas polo contribuínte, para os efectos desta Ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditada resolución administrativa, practícase, no seu caso, a liquidación definitiva que será notificada ao suxeito pasivo

6.- Cando os servizos municipais comproben que se está exercitando calquera actividade sen obter a previa licenza preceptiva ou sen presentar a correspondente declaración responsable ou comunicación previa para o seu ulterior control segundo sexa o réxime xurídico aplicable, considérase o acto de comprobación como a iniciación do trámite de estas últimas, coa obriga do suxeito pasivo de aboar a taxa establecida, sen prexuízo da imposición das sancións ou medidas cautelares que procedan.

ARTIGO 9.- Comprobación e investigación

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

ARTIGO 10. Infraccións e sancións.

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

PLENO

Esta Ordenanza derroga expresamente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licencia de apertura de establecementos, instalacións e actividades na súa redacción dada por acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión plenaria de data 28 de agosto de 2003 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación no Boletín Oficial de Provincia número 206 de data 8 de setembro de 2003.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e, en todo caso, unha vez transcurridos os prazos a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

6.-Aprobar se procede inicialmente a Ordenanza municipal de modificación do prezo público da Escola Municipal de Música (EXP. 2023/G016/000005).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 17 de marzo de 2023 pola que se ordea o inicio do expediente de modificación da Ordenanza reguladora do prezo público da Escola de Música do Concello de Oroso.

LOGO DE VER o borrador da Ordenanza reguladora que se incorpora ó expediente TEDEC 2023/G016/000005 de data 17 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Secretaría de data 20 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Intervención de data 21 de marzo de 2023

CONSIDERANDO que:

- Os Prezos Públicos aparecen recolleitos como un recurso das Facendas Locais, en xeral, e a Lei configúraos como recursos comúns á maior parte

PLENO

das Entidades Locais. Esta categoría financeira regúlase de forma integral nos artigos 41 a 47 do TRLRHL.

- Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou realización de actividades administrativas da competencia da Entidade Local perceptora das devanditas contraprestacións, sempre que non concorran ningunha das dúas circunstancias seguintes:

- Que os servizos públicos ou as actividades administrativas sexan de solicitude ou recepción obrigatorias.

- Que os servizos públicos ou as actividades administrativas non sexan prestados ou realizados polo sector privado, estea ou non establecida o seu reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

- A determinación da contía dos Prezos Públicos supeditarase ao disposto no artigo 44 TRLRHL que sinala que o importe dos Prezos Públicos por prestación de servizos ou realización de actividades deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada. Con todo, poderán fixarse prezos públicos por baixo de devandito límite cando razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público así o aconsellen. Nestes supostos deberán consignarse nos Orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura das diferenzas resultantes se a houber.

- Con base no establecido anteriormente e de conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais este concello regula o prezo público por prestación de servizos derivados da Escola de Música do Concello de Oroso.

CONSIDERANDO que a finalidade de dita modificación é a de adaptar a normativa a lexislación en vigor eliminando a diferenciación entre empadroados e non empadroados así como establecer os mesmos por debaixo do custo do servizo ó considerar o mesmo como un servizo ó que deben ter acceso á xeralidade da poboación infantil e xuvenil do Concello como complemento da formación educativa e académica que reciben e polo tanto o abono do prezo público non debe supor un obstáculo para o acceso ó mesmo.

CONSIDERANDO que asemade o equilibrio económico da prestación do servizo garátese ó dotar no estado de gastos do Orzamento de 2023 as cantidades necesarias para a prestación do mesmo que serán asumidas mediante tres fontes de financiamento diferente:

- a) Os prezos públicos que se regulan na presente Ordenanza.
- b) Os recursos ordinarios do Concello.
- c) As subvencións e axudas procedentes doutras Administracións.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

PLENO

Primeiro: Con base no establecido anteriormente e de conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais este concello regula o prezo público por prestación de servizos derivados da Escola de Música do Concello de Oroso

Segundo. O texto da Ordenanza Reguladora é o seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DA ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE OROSO.

1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.1. De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais este concello regula o prezo público por prestación de servizos derivados da Escola de Música do Concello de Oroso, especificando as tarifas no artigo 4 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

2.- CONCEPTO.

2.1.- Os prezos públicos regulados nesta ordenanza teñen a natureza de prezo público por ser unha prestación de servizos e realización de actividades obxecto da competencia de esta Entidade e non concorrer en ela ningunha das circunstancias especificadas na letra B) do artigo 20.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- OBRIGADOS Ó PAGO.

1.- Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza, aqueles usuarios recollidos no regulamento de servizo que se beneficien das actividades prestadas por este concello a que se refire o artigo anterior. En concreto, os pais, titores e, en xeral, aquelas persoas que ostentan a patria potestade dos nenos que utilicen o servizo.

4.- CONTÍA.

4.1. A contía do prezo público deriva da aplicación das seguintes tarifas:

PROGRAMA	TARIFA
Música e Movemento/Linguaxe Musical	20,00 €/mes
Instrumento (por cada un)	30,00 €/mes

4.2.- Cando por circunstancias sobrevidas, o usuario ingrese ao servizo con posterioridade ao día 15 do mes, as tarifas previstas de asistencia ordinaria que corresponda pagar polo dito mes terán unha redución do 50 por cento.

PLENO

5.- BONIFICACIÓNS.

Terán unha bonificación do 20 % da cota, aqueles usuarios que se atopen nas seguintes circunstancias, sen que os descontos sexan acumulativos:

a) MEMBROS DE FAMILIAS NUMEROSAS

Ademais, os fillos ou irmáns deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser solteiros/as e menores de 21 anos ou ser persoas discapacitadas ou están incapacitados/as para traballar. A idade podería ampliarse ata os 25 anos se cursan estudos adecuados a súa idade e titulación ou encamiñados a obtención dun posto de traballo.
- Convivir co ascendente ou ascendentes
- Dependere economicamente deles. Entenderase que mantén unha independencia económica cando obteña os ingresos non superiores o cómputo anual Indicado Publico de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) vixente ou contribúan o sostemento da familia, nos supostos establecidos na lei.

b) DESCONTOS NO SEGUNDO IRMÁN NO PROGRAMA

Os descontos cando asistan dous irmáns serán aplicados da seguinte maneira:

- a. Sempre e unicamente se aplicará o desconto no segundo irmán inscrito (por orde de inscrición)
- b. Os irmáns deberán pertencer a mesma unidade familiar e non percibir ingresos de ningún tipo

c) MEMBROS DE FAMILIA MONOPARENTAL

Entendese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

6.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- Os interesados neste servizo deberán presentar a correspondente solicitude no período indicado por resolución de alcaldía, acompañado de: Impreso de autoliquidación que acredite o pago da Matrícula. Na resolución poderase habilitar a posibilidade de fraccionar o pago en dous períodos, debéndose proceder ao ingreso do total en todo caso antes do inicio das clases.

Impreso autorízante para domiciliación bancaria.
No seu caso, título de Familia Numerosa.

2.- Terán preferencia para o ingreso os empadroados no Concello de Oroso.

PLENO

3.- Aprobárase por Resolución de Alcaldía a relación de admitidos e excluídos, incluíndo as tarifas aplicables a pagar, de acordo coa orde de presentación de instancias, ata cubrir as prazas previstas; crearase una lista de espera para cubrir posibles vacantes. A resolución será publicada no taboleiro de anuncios do concello, así coma na páxina web.

4.- Serán obrigados ao pago os usuarios do servizo, e no caso de menores de idade, os pais ou titores legais dos mesmos.

5.- O período impositivo será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga de pago o día 1 de cada mes.

6.- O prezo público xestionarase a partires dun padrón constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, usuarios e tarifas aplicables o cal será aprobado mensualmente polo concello e publicado no taboleiro municipal de edictos.

7.- O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do correspondente padrón, transcorrido o cal as contías deveñadas poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento.

8.- O medio de pago ordinario das clases será o de domiciliación bancaria mediante impreso autorízante firmado polos usuarios no momento da presentación de instancia, por adelantado dentro dos dez primeiros días de cada mes.

9.- No caso de incorporación empezado o curso, a cota verase reducida nun 50 % no primeiro mes no caso de que a incorporación prodúzase despois do día 15 do devandito mes, excepto o pago de matrícula.

10.- O desistimento ou falta de asistencia dos usuarios ao servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos no mes seguinte, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa. Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que adeuden algún recibo, sen prexuízo do cobro dos mesmos pola vía de constrinximento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

PLENO

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que esta modificación deriva dunha imposición legal xa que non é posible a diferenciación entre empadroados e non empadroados. Considera que o Concello tería que aspirar a ter un conservatorio de música.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que xa foi aclarado na Comisión Informativa que se trata de adaptar a regulación á normativa que non permite distinguir entre empadroados e non.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) sinala que el tamén quere un conservatorio, un centro de día, 3 pistas de tenis etc...este concello ten unha gran relación coa música, e en todo caso temos que priorizar gastos.

O Sr. Alcalde, considera que a escola de música se ten que ir dotando de novos medios ou dun mellor local e niso traballan. Este ano se atenderon 40 demandas mais de xente que non estaba apuntada. Queremos isto e queremos tamén un centro de día, pavillón etc.. pero os cartos dan para o que dan e temos que priorizar.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Con base no establecido anteriormente e de conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais este concello regula o prezo público por prestación de servizos derivados da Escola de Música do Concello de Oroso

Segundo. O texto da Ordenanza Reguladora é o seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DA ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE OROSO.

PLENO

1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.1. De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais este concello regula o prezo público por prestación de servizos derivados da Escola de Música do Concello de Oroso, especificando as tarifas no artigo 4 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

2.- CONCEPTO.

2.1.- Os prezos públicos regulados nesta ordenanza teñen a natureza de prezo público por ser unha prestación de servizos e realización de actividades obxecto da competencia de esta Entidade e non concorrer en ela ningunha das circunstancias especificadas na letra B) do artigo 20.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- OBRIGADOS Ó PAGO.

1.- Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza, aqueles usuarios recollidos no regulamento de servizo que se beneficien das actividades prestadas por este concello a que se refire o artigo anterior. En concreto, os pais, tutores e, en xeral, aquelas persoas que ostentan a patria potestade dos nenos que utilicen o servizo.

4.- CONTÍA.

4.1. A contía do prezo público deriva da aplicación das seguintes tarifas:

PROGRAMA	TARIFA
Música e Movemento/Linguaxe Musical	20,00 €/mes
Instrumento (por cada un)	30,00 €/mes

4.2.- Cando por circunstancias sobrevidas, o usuario ingrese ao servizo con posterioridade ao día 15 do mes, as tarifas previstas de asistencia ordinaria que corresponda pagar polo dito mes terán unha redución do 50 por cento.

5.- BONIFICACIÓNS.

Terán unha bonificación do 20 % da cota, aqueles usuarios que se atopen nas seguintes circunstancias, sen que os descontos sexan acumulativos:

d) MEMBROS DE FAMILIAS NUMEROSAS

Ademais, os fillos ou irmáns deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser solteiros/as e menores de 21 anos ou ser persoas discapacitadas ou están incapacitados/as para traballar. A idade podería ampliarse ata os 25 anos se cursan estudos adecuados a

PLENO

súa idade e titulación ou encamiñados a obtención dun posto de traballo.

- Convivir co ascendente ou ascendentes
- Dependere economicamente deles. Entenderase que mantén unha independencia económica cando obteña os ingresos non superiores o cómputo anual Indicado Publico de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) vixente ou contribúan o sostemento da familia, nos supostos establecidos na lei.

e) DESCONTOS NO SEGUNDO IRMÁN NO PROGRAMA

Os descontos cando asistan dous irmáns serán aplicados da seguinte maneira:

- c. Sempre e unicamente se aplicará o desconto no segundo irmán inscrito (por orde de inscrición)
- d. Os irmáns deberán pertencer a mesma unidade familiar e non percibir ingresos de ningún tipo

f) MEMBROS DE FAMILIA MONOPARENTAL

Entendese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

6.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- Os interesados neste servizo deberán presentar a correspondente solicitude no período indicado por resolución de alcaldía, acompañado de:
Impreso de autoliquidación que acredite o pago da Matrícula. Na resolución poderase habilitar a posibilidade de fraccionar o pago en dous períodos, debéndose proceder ao ingreso do total en todo caso antes do inicio das clases.

Impreso autorízante para domiciliación bancaria.

No seu caso, título de Familia Numerosa.

2.- Terán preferencia para o ingreso os empadroados no Concello de Oroso.

3.- Aprobarase por Resolución de Alcaldía a relación de admitidos e excluídos, incluíndo as tarifas aplicables a pagar, de acordo coa orde de presentación de instancias, ata cubrir as prazas previstas; crearase una lista de espera para cubrir posibles vacantes. A resolución será publicada no taboleiro de anuncios do concello, así coma na páxina web.

4.- Serán obrigados ao pago os usuarios do servizo, e no caso de menores de idade, os pais ou tutores legais dos mesmos.

5.- O período impositivo será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga de pago o día 1 de cada mes.

PLENO

6.- O prezo público xestionarase a partires dun padrón constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, usuarios e tarifas aplicables o cal será aprobado mensualmente polo concello e publicado no taboleiro municipal de edictos.

7.- O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do correspondente padrón, transcorrido o cal as contías deveñadas poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento.

8.- O medio de pago ordinario das clases será o de domiciliación bancaria mediante impreso autorizante firmado polos usuarios no momento da presentación de instancia, por adiantado dentro dos dez primeiros días de cada mes.

9.- No caso de incorporación empezado o curso, a cota verase reducida nun 50 % no primeiro mes no caso de que a incorporación prodúzase despois do día 15 do devandito mes, excepto o pago de matrícula.

10.- O desistimento ou falta de asistencia dos usuarios ao servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos no mes seguinte, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa. Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que adeuden algún recibo, sen prexuízo do cobro dos mesmos pola vía de constrinximento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7.-Aprobar se procede inicialmente o expediente de crédito extraordinario 2/2003 (EXP. 2023/T002/000002).

Logo de var a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

PLENO

“Posto de manifesto a necesidade inaprazable de asumir no exercicio económico de 2023 unha serie de gastos derivados dunha serie de incidencias na execución de diferentes obras financiadas con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais tal e como se pon de manifesto nos informes da Dirección facultativa das obras que se incorporan ó expediente.

Considerando que co obxectivo último de fomentar a natalidade, e co inmediato de dar unha axuda ás familias do Concello de Oroso, na medida dos recursos de que dispón este Concello, preténdese axudar ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción mediante a posta en marcha da ordenanza sendo necesario dotar á mesma dos recursos necesarios para a súa aplicación no exercicio económico de 2023.

Considerando por último a necesidade de acometer unha serie de reparacións e investimentos nos diferentes parques e espazos destinados a xogos infantís co fin de mellorar as condicións de seguridade de utilización e de repoñer os xogos que se atopan deteriorados.

Considerando que as Bases de execución do Orzamento Municipal do Concello de Oroso para o exercicio económico de 2023 establecen na Base 10.2.a) que vinculan a nivel de partida os gastos previstos no anexo de investimentos que se financien en todo ou en parte con recursos finalistas procedentes doutras Administracións Públicas

Considerando pois que dacordo coa anterior non existe consignación orzamentaria para executar os gastos anteriormente mencionados a nivel de vinculación xurídica.

Considerando que a financiación do expediente proposto pode realizarse mediante baixas por anulacións doutras partidas que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo, en concreto no relativo ó proxecto de reforma da piscina municipal ó contar con maiores recursos afectados dos inicialmente previstos o que permite asumir o custo do proxecto cunha financiación propia inferior á inicialmente prevista. En concreto o custo do proxecto a executar ascende á cantidade de 560.807,19 euros existindo un remanente de algo máis de 100.000 euros de fondos propios que poden utilizarse para financiar esta modificación

Considerando que a Base 13 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Oroso para o exercicio económico de 2023 establece as normas comúns ás diferentes modificacións de crédito, a saber:

- 1.- Os expedientes serán incoados por orde do Concelleiro delegado ou da Alcaldía.*
- 2.- Todo expediente de modificación de créditos será informado por Intervención.*

PLENO

3.- Cando o órgano competente para a súa aprobación sexa o Pleno da Corporación, unha vez aprobado inicialmente o expediente de modificación, exporase ao público durante quince días hábiles, podendo os interesados presentar reclamacións. Se durante o citado período non se presentaron reclamacións, a modificación de crédito quedará definitivamente aprobada e, noutro caso, deberá resolver o Pleno no prazo dun mes contado desde a finalización da exposición ao público.

4.- Cando a competencia corresponda ao Alcalde-Presidente, será executiva desde a súa aprobación.

5.- As modificacións orzamentarias axustaranse ao disposto nestas Bases e no non previsto polas mesmas será de aplicación o establecido nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e os artigos 34 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

6.- As modificacións orzamentarias someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira

Considerando que a Base 15 das Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Oroso para o exercicio económico de 2023 establece as normas específicas a seguir na tramitación dun expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito, a saber:

1.- A proposta de incoación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito irá acompañada dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida, e nela deberá precisarse a clase de modificación a realizar, as aplicacións orzamentarias ás que afecta, e os medios ou recursos que han de financiala.

2.- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderanse financiar, en virtude do artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, con algún destes recursos:

- a) Remanente Líquido de Tesouraría.
- b) Novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente.
- c) Anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións sexan estimadas reducibles sen perturbación do respectivo servizo.
- d) Operacións de crédito se os créditos extraordinarios ou suplementos de créditos fosen destinados para gastos de inversión

3.- Será necesario incluír Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, no que se informe sobre o cumprimento ou incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

PLENO

4.- O incumprimento do principio de estabilidade levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

5.- A proposta de modificación, previo informe da Intervención e Ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Planificación Económica, será sometida polo Presidente á aprobación do Pleno da Corporación.

6.- A aprobación dos expedientes polo Pleno realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos dentro do mesmo exercicio en que se autoricen.

7.- Na tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.

8.- Igualmente serán aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os Orzamentos desta Entidade Local.

9.- Os acordos do Concello que teñan por obxecto a concesión de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, en casos de calamidade pública ou de natureza análoga, de excepcional interese xeral serán inmediatamente executivos sen prexuízo das reclamacións que contra os mesmos sexan promovidos. Devanditas reclamacións deberán sustanciarse dentro dos oito días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas de non notificarse a súa resolución ao interesado dentro de devandito prazo.

Considerando a providencia de alcaldía de data 21 de marzo de 2023 sobre inicio de expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario financiado mediante baixas por anulación de outras partidas que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo polas contías que figuran no correspondente anexo.

Visto o informe favorable da intervención municipal de data 21 de marzo de 2023 sobre o expediente.

Visto o informe intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de data 21 de marzo de 2023 con efectos puramente informativos ó estar suspendidas as regras fiscais, co seguinte resultado:

	PRESUPUESTO DE INGRESOS 2023	Importe
+	Capítulo 1: Impuesto Directos	1.971.819,62
+	Capítulo 2: Impuesto Indirectos	220.719,52

PLENO

+	Capítulo 3: Tasas y otros ingresos	822.080,21
+	Capítulo 4: Transferencias corrientes	3.268.943,25
+	Capítulo 5: Ingresos patrimoniales	7.600,00
+	Capítulo 6: Enajenación de inversiones	0,00
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	1.899.551,41
=	A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	8.190.714,01

PRESUPUESTO DE GASTOS DE 2023		
+	Capítulo 1: Gastos de personal	1.571.995,36
+	Capítulo 2: Compra de bienes y servicios	3.728.508,93
+	Capítulo 3: Gastos financieros	2.300,00
+	Capítulo 4: Transferencias corrientes	832.450,00
+	Capítulo 5. Fondo de contingencia y otros imprevistos	16.138,79
+	Capítulo 6: Inversiones reales	2.110.621,03
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00
=	B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	8.262.014,11
=	A - B = C) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	-71.300,10
	D) AJUSTES SEC-95	1.365.869,07
	C+D= F) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA AJUSTADA	1.294.568,97
	% ESTABILIDAD (+) / NO ESTABILIDAD (-) : AJUSTADA	15,81%

De conformidade co previsto no artigo 177.2 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais en concordancia co artigo 169 da mesma lei,

Propoño ao Pleno do Concello, previo ditame favorable da Comisión especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:

1º) **A aprobación inicial** da modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2023, na modalidade de crédito extraordinario, Núm. 2023/02, financiada mediante baixas por anulación de outras partidas que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo ca seguinte desagregación:

ALTAS EN APLICACIONES DE GASTOS

PLENO

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
161.60900	2022/4/OBRAS/3	Ampliación rede abastecemento auga ata os núcleos de poboación de Pedralba e Calvente	4.100,00 €
161.60900	2020/4/RLT/3	Abastecemento de auga en San Román de Pasarelos	2.500,00 €
342.62200	2022/4/RLT/5	Construcción de graderio en Campo de Fútbol de Oroso	6.000,00 €
161.60900	2022/4/RLT/4	Abastecemento de auga en Villalbarros Mariñaos	3.500,00 €
231.48903	-----	Programa axudas fomento natalidade	20.000,00 €
323.62500	2023/4/ PROXORD/12	Adquisición xogos infantís CEIP Camiño Inglés e CEIP Sigüeiro	20.570,00 €
171.61900	2023/4/ PROXORD/13	Acondicionamento parques infantís	20.000,00 €
TOTAL			76.170,00 €

BAIXAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS.

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
341.62200	2023/2/ PROXGFA/ 1	Reforma piscina municipal	76.170,00 €
TOTAL			76.170,00 €

2º) **Dispoñe-la súa exposición ó público** durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que van a apoiar este acordo porque ten como finalidade mellorar os parques infantís e fomento da natalidade.

PLENO

D. Alexander Doval Expósito (PP) manifesta que tamén o seu grupo o vai a apoiar.

O Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno, por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1º) **A aprobación inicial** da modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2023, na modalidade de crédito extraordinario, Núm. 2023/02, financiada mediante baixas por anulación de outras partidas que se estiman reducibles sen perturbación do respectivo servizo ca seguinte desagregación:

ALTAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
161.60900	2022/4/OBRAS/3	Ampliación rede abastecemento auga ata os núcleos de poboación de Pedralba e Calvente	4.100,00 €
161.60900	2020/4/RLT/3	Abastecemento de auga en San Román de Pasarelos	2.500,00 €
342.62200	2022/4/RLT/5	Construcción de graderio en Campo de Fútbol de Oroso	6.000,00 €
161.60900	2022/4/RLT/4	Abastecemento de auga en Villalbarro-Os Mariños	3.500,00 €
231.48903	-----	Programa axudas fomento natalidade	20.000,00 €
323.62500	2023/4/ PROXORD/12	Adquisición xogos infantís CEIP Camiño Inglés e CEIP Sigüeiro	20.570,00 €
171.61900	2023/4/ PROXORD/13	Acondicionamento parques infantís	20.000,00 €
TOTAL			76.170,00 €

BAIXAS EN APLICACIÓNS DE GASTOS.

PARTIDA	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
341.62200	2023/2/ PROXGFA/ 1	Reforma piscina municipal	76.170,00 €
TOTAL			76.170,00 €

2º) **Dispoñe-la súa exposición ó público** durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a

PLENO

efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

8.-Aprobar se procede inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora das bases para a concesión de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Oroso. (2023/G013/000001).

Logo de ver a proposta de Alcaldía que di:

LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 17 de marzo de 2023 pola que se ordea o inicio do expediente de aprobación da Ordenanza reguladora das axudas á natalidade do Concello de Oroso

LOGO DE VER o borrador da Ordenanza reguladora que se incorpora ó expediente TEDEC 2023/G013/000001 de data 17 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Secretaría de data 20 de marzo de 2023.

E DE VER o informe de Intervención de data 21 de marzo de 2023

CONSIDERANDO que:

- A familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma.

- Así mesmo, os artigos 25 a 28 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorgan ó municipio competencia para promover a prestación de servizos sociais nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, podendo realizar actividades complementarias das propias ou doutras administracións públicas e, en particular as relativas á educación, á cultura, á promoción da muller, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente.

- O descenso do índice de natalidade é un feito xeralizado nos países desenvolvidos sendo, especialmente significativo o exemplo galego. No noso país, dende mediados dos anos 70, dito índice experimentou unha notable tendencia á baixa, representando, na actualidade, unha das taxas máis baixas de Europa.

- O Concello de Oroso, non é alleo a este problema. A incorporación da muller ó mundo laboral, fenómeno que sendo positivo, require un esforzo de readaptación familiar, o retraso na idade de emancipación dos nosos mozos

PLENO

e a evolución dos patróns que rexen os hábitos sociais e culturais, son algunhas das causas que inflúen na merma da natalidade, que é, sen dúbida, un dos principais problemas ós que debe facer fronte a nosa sociedade nos próximos anos.

- Podemos sinalar os seguintes datos significativos:

- a) O crecemento natural da poboación no municipio de Oroso, segundo os últimos datos publicados polo INE para o ano 2021 foi Negativo, con catro defuncións máis que nacementos.
- b) Se analizamos esa tendencia nos últimos dez anos vemos como a evolución dos nacementos no Concello é claramente descendente:

Ano	Nacementos
2010	75
2011	97
2012	68
2013	72
2014	75
2015	95
2016	59
2017	56
2018	60
2019	56
2020	65
2021	50

- c) Mentres no período 2010-2015 a media de nacementos era de 80 no período 2016-2021 é de 58 o que supón un descenso substancial.

CONSIDERANDO que o Concello é consciente deste problema e da necesidade de expor solucións, xa que, en definitiva, son as persoas o principal valor dunha comunidade e a familia o pilar tradicional no que se asenta a nosa sociedade, e por elo decide establecer esta medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

CONSIDERANDO que esta medida de apoio atopa o seu fundamento na lóxica necesidade de que, sendo a natalidade un beneficio para todos, é lexítimo que entre todos se axude ós pais a soportar as indubidables cargas que se ocasionan sobre todo nos primeiros meses de vida dun/ha neno/a. Trátase así de remover os obstáculos que entorpecen a propia vontade dos proxenitores de elixir a dimensión da súa familia, de conquistar que a decisión de ter ou adoptar un fillo dependa unicamente das conviccións ou desexos persoais, non de causas alleas ás mesmas. Deste modo, as axudas previstas tratan de favorecer a decisión en última instancia sempre persoal, de ter ou adoptar un fillo, paliando os desembolsos económicos que supón a incorporación dun novo membro á unidade familiar nos primeiros meses.

PLENO

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da prestación de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Oroso:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DO CONCELLO DE OROSO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma.

Así mesmo, os artigos 25 a 28 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorgan ó municipio competencia para promover a prestación de servizos sociais nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, podendo realizar actividades complementarias das propias ou doutras administracións públicas e, en particular as relativas á educación, á cultura, á promoción da muller, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente.

O descenso do índice de natalidade é un feito xeralizado nos países desenvolvidos sendo, especialmente significativo o exemplo galego. No noso país, dende mediados dos anos 70, dito índice experimentou unha notable tendencia á baixa, representando, na actualidade, unha das taxas máis baixas de Europa.

O Concello de Oroso, non é alleo a este problema. A incorporación da muller ó mundo laboral, fenómeno que sendo positivo, require un esforzo de readaptación familiar, o retraso na idade de emancipación dos nosos mozos e a evolución dos patróns que rexen os hábitos sociais e culturais, son algunhas das causas que inflúen na merma da natalidade, que é, sen dúbida, un dos principais problemas ós que debe facer fronte a nosa sociedade nos próximos anos.

Podemos sinalar os seguintes datos significativos:

- d) O crecemento natural da poboación no municipio de Oroso, segundo os últimos datos publicados polo INE para o ano 2021 foi Negativo, con catro defuncións máis que nacementos.
- e) Se analizamos esa tendencia nos últimos dez anos vemos como a evolución dos nacementos no Concello é claramente descendente:

Ano	Nacementos
2010	75
2011	97

PLENO

2012	68
2013	72
2014	75
2015	95
2016	59
2017	56
2018	60
2019	56
2020	65
2021	50

- f) *Mentres no período 2010-2015 a media de nacementos era de 80 no período 2016-2021 é de 58 o que supón un descenso substancial.*

O Concello é consciente deste problema e da necesidade de expor solucións, xa que, en definitiva, son as persoas o principal valor dunha comunidade e a familia o pilar tradicional no que se asenta a nosa sociedade, e por elo decide establecer esta medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

Esta medida de apoio atopa o seu fundamento na lóxica necesidade de que, sendo a natalidade un beneficio para todos, é lexítimo que entre todos se axude ós pais a soportar as indubidables cargas que se ocasionan sobre todo nos primeiros meses de vida dun/ha neno/a. Trátase así de remover os obstáculos que entorpecen a propia vontade dos proxenitores de eleir a dimensión da súa familia, de conquistar que a decisión de ter ou adoptar un fillo dependa únicamente das conviccións ou desexos persoais, non de causas alleas ás mesmas. Deste modo, as axudas previstas tratan de favorecer a decisión en última instancia sempre persoal, de ter ou adoptar un fillo, paliando os desembolsos económicos que supón a incorporación dun novo membro á unidade familiar nos primeiros meses.

Co obxectivo último de fomentar a natalidade, e co inmediato de dar unha axuda ás familias do Concello de Oroso, na medida dos recursos de que dispón este Concello, preténdese axudar ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción mediante a posta en marcha da presente ordenanza.

ARTIGO 1.-FUNDAMENTO.

1.1.-A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o artigo 2 e artigo 25.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorga a este Concello.

1.2.-O artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades

PLENO

que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

1.3.–Este Concello considera de interese público o apoio ás familias, circunscibíndose dentro deste o fomento da natalidade. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza, que pretende incentivar os novos nacementos de fillas e fillos de familias que residan habitualmente no Concello de Oroso.

ARTIGO 2.–OBXECTO.

2.1.–O obxecto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento de natalidade deste Concello coa finalidade de fixar a poboación dentro do termo municipal.

ARTIGO 3.–NATUREZA DA AXUDA.

3.1.–As axudas que se outorgen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ó establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e enmárcanse dentro da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Oroso aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 29 de setembro de 2022 e publicada integramente no BOP número 246 de data 29 de decembro de 2022.

ARTIGO 4.–BENEFICIARIOS.

4.1.–Serán beneficiarios das subvencións reguladas na presente Ordenanza:

- a) Os proxenitores dos recen nados.
- b) Os adoptantes de nenos menores de 3 anos.

4.2.–Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do fillo/a.

ARTIGO 5.–REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

5.1.–Dará lugar ó recoñecemento da subvención cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice polos beneficiarios sinalados no artigo anterior a partir da entrada en vigor da mesma.

5.2.–Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que resida con carácter efectivo e acreditado neste municipio, con alúmenos seis meses de antigüidade o proxenitor ou adoptante que solicita a axuda. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e inscrición padroal así como o libro de familia.

5.3.–O menor recen nado ou adoptado terá que ser empadroado por primeira vez neste Concello e convivir co solicitante no mesmo domicilio. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e inscrición padroal.

PLENO

5.4.–Será requisito para o pago efectivo da axuda que a persoa beneficiaria sinalada nos apartados anteriores continúe residindo no Municipio, e que, en todo caso, o recen nado fose empadroado por primeira vez no Concello. No caso de adopción, que no prazo dun mes a contar dende a resolución xudicial, sexa inscrito no Padrón, así mesmo, no domicilio do adoptante.

5.5.–En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

5.6.–Os beneficiarios deberán atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias con Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Oroso, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

ARTIGO 6.–CONTÍA DAS AXUDAS E IMPUTACIÓN DO GASTO.

6.1.–Cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nesta Ordenanza será obxecto dunha axuda de 350 euros.

6.2.–Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. En caso de partos múltiples terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta o mesmo porcentaxe de incremento.

6.3.–O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade.

6.4.–A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica que se creará no orzamento xeral do Concello, a cuxa existencia se vinculará a aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto o crédito de maneira adecuada e suficiente para a súa efectividade.

6.5.–O Concello, non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa á tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global e, en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

ARTIGO 7.–PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

7.1.–As solicitudes das axudas, dirixidas ao alcalde-presidente, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro dos dous meses seguintes ó nacemento ou adopción. Deberá presentarse conforme ó modelo que figura como anexo na presente ordenanza, no que expresamente se

PLENO

declarará que se cumpre con todos os requisitos establecidos na presente Ordenanza.

7.2.–Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario.*
- b) Fotocopia do libro de familia.*
- c) Documentación acreditativa do estado civil do solicitante.*
- d) Certificado de nacemento do recen nado expedido polo Rexistro Civil no caso de nacementos.*
- e) Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.*
- f) Certificado de empadramento do beneficiario que acredite a residencia efectiva no municipio durante alúmenos seis meses, así como de inscrición padroal do beneficiario co recen nado ou adoptado/a. Indicarase a data de empadramento do recen nado e a causa de inscrición.*
- g) Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.*
- h) Certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización ó órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ó corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.*
- i) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.*
- j) Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.*

7.3.–Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais.

7.4.–Se a solicitude non reúne todos os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá ó interesado para que os subsane no prazo máximo improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

7.5.–A través do instrutor do expediente, e unha vez completada a documentación, formularase a correspondente proposta de resolución debidamente motivada.

7.6.–As axudas concederanse pola Xunta de Goberno Local. As resolucións ou acordos de concesión da axuda faranse por orde cronolóxica de solicitude e só poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

- a) Non cumprir os requisitos establecidos para a concesión da axuda.*
- b) Presentar a solicitude fóra do prazo establecido no artigo 7.1 desta Ordenanza.*

PLENO

c) *Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.*

7.7.–As solicitudes resolveranse no prazo máximo de 1 mes a contar desde a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ós interesados para entender desestimada a solicitude de concesión por silencio administrativo.

ARTIGO 8.–ABONO DAS AXUDAS.

8.1.–O pago da axuda concedida efectuarase nun único pago, mediante transferencia bancaria á conta que indicase o beneficiario da solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.

ARTIGO 9.–COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

9.1.–As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

ARTIGO 10.–DEBERES DOS BENEFICIARIOS.

10.1.–A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases establecidas na presente Ordenanza.

10.2.–Os beneficiarios están obrigados a comunicar ó Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención.

10.3.–Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presente Ordenanza.

ARTIGO 11.–RESPONSABILIDADES.

11.1.–Calquera falsedade que se detecte dará lugar o non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibida xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se poidesen esixir.

ARTIGO 12.–REINTEGRO DAS AXUDAS.

12.1.–O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases conleva o reintegro das axudas concedidas.

12.2.–O réxime xurídico do reintegro das axudas será o establecido no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

ARTIGO 13.–INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

13.1.–Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

PLENO**ARTIGO 14.-RÉXIME XURÍDICO.**

14.1.-A normativa que regula a concesión de axudas á natalidade, no non previsto nestas Bases, será a establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral reguladora da Concesión de subvencións do Concello de Oroso.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Durante o exercicio de 2023 tomaranse en consideración os nados dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2023 ós efectos da súa consideración como beneficiarios das axudas contempladas na presente Ordenanza.

Os nados antes da aprobación da presente ordenanza contarán cun prazo de dous meses para presentar a solicitude das axudas reguladas nesta, a contar a partir da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 do citado texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I**SOLICITUDE DE AXUDA PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DO CONCELLO DE OROSO.****SOLICITANTE**

Nome e apelidos, D.N.I.
....., teléfono

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo, núm., piso
Código postal, correo electrónico

REPRESENTANTE

Nome e apelidos, D.N.I.
....., teléfono enderezo
....., núm., piso
Código postal, correo electrónico

PLENO

DATOS DO FILLO/A

Nome Data de
nacemento

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

- a) *Copia compulsada do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario.*
- b) *Fotocopia do libro de familia.*
- c) *Documentación acreditativa do estado civil do solicitante.*
- d) *Certificado de nacemento do recen nado expedido polo Rexistro Civil no caso de nacementos.*
- e) *Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.*
- f) *Certificado de empadramento do beneficiario que acredite a residencia efectiva no municipio durante alúmenos seis meses, así como de inscrición padroal do beneficiario co recen nado ou adoptado/a. Indicarase a data de empadramento do recen nado e a causa de inscrición.*
- g) *Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.*
- h) *Certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización ó órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ó corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.*
- i) *Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.*
- j) *Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.*

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos na Ordenanza Municipal do Concello de Oroso reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Oroso aprobada na sesión plenaria de data para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Oroso ade.....de 2023.

SR/A. ALCALDE-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE OROSO.

1Riscar o que proceda

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos

PLENO

a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

Segundo. *De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que van apoiar esta ordenanza aínda que sería mellor chamalo cheque regalo, sería moi sixelo se con 350 euros se puidera arranxar o problema da natalidade no país. Nos anos 90 a existencia de pisos mais baratos foi un atractivo ao que logo se uniu unha serie de servizos o que propiciou que a poboación do concello medrara como aconteceu noutros concellos próximos a Santiago, como Teo, Ames....Do 2015 ao 2016 hai unha baixada grande e do 2016 ao 2020 parece que a situación se estabiliza, parece que se estanca un pouco o crecemento. Temos que ver que vai a pasar agora, que pasará coa segunda xeración de xente, se quedará no concello ou marchará del, por outro lado o aporte de poboación inmigrante que sempre sumou e por último a zona do rural de Oroso – Trasmonte que parece que está estabilizada, pero a estrada da Grabanxa a medida que entramos no rural a zona está mais deserta.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que se trae polo goberno esta ordenanza previo anuncio na prensa dun pago único de 350 euros. No ano 2018 e no ano 2021 trouxemos unha proposta semellante ao Pleno e sinalamos que existían concellos que xa a tiñan como Trazo 1.200 euros, Ordes entre 250 ou 300 euros, Tordoia 400 euros, nas dúas ocasións tales propostas foron rexeitadas e se nos dixo que non servían para nada e que ningún vai a ter un fillo por 300 euros e é curioso que a dous meses das eleccións traian esta proposta, agora si. É posible que digan que levan meses traballando nesta proposta pero o certo é que non o tiñan nin previsto nos orzamentos que tiveron que modificarlos. Non quero ser mal pensado.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) sinala que menos mal que D. Alenxader Doval Expósito non quere ser mal pensado despois do que dixo. Todos os concellos que nomeou foron á baixa en número de habitantes e en cambio Oroso imos á alza. As veces non é so a contía se non o que pon a

PLENO

ordenanza. A ordenanza de Trazo é posiblemente a mais alta de Galicia, e produto diso había xente que se empadroaba uns meses e logo de coller a axuda se desempadroaba. Afirmo que segue a pensar que ninguén vai ter un fillo por 300 euros pero que é o momento de facer un xesto coa cidadanía e que a este goberno non o van a avalar por esta ordenanza se non por todo o que fixemos. Se todo o que fagamos de aquí ás eleccións van a dicir que é electoralista a solución pasa por non facer nada segundo vostedes.

D. Alexander Doval Expósito (PP) sinala que en relación á picaresca de Trazo todas as ordenanzas son moi semellantes. En todo caso imos a votar a favor e tamén pensamos que ninguén vai a decidir ter ou non un fillo por 300 euros pero é unha medida que axuda e que nos xa propuxemos.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que D. José Manuel Mirás Pulleiro fixo un bo análise e efectivamente se toma esta medida porque agora estamos na punta de crecemento e se pretende que a xente se empadrene e tivemos que quitar outros incentivos como acabamos de ver porque non eran legais. Ademais necesitamos partida orzamentaria porque liberamos 100.000 euros da piscina que veñen para aquí. É certo que esta axuda non vai a facer que alguén teña un fillo pero ao mellor si axuda a que se empadren as preto de 1.0000 persoas que temos vivindo no concello e que non están empadroadas. Claro que estamos preocupados por esta cuestión e por iso estamos tentando ampliar o polígono e tamén temos que abordar o tema da vivenda. Si quería dicir por outro lado que non sei como cualificar a visita o outro día da Conselleira ao CRA un centro onde dixo que non ía a poñer un peso para obras.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o tema do empadroamento efectivamente nos manexamos que son ata 2.000 persoas que non están empadroadas no concello. Por outro lado, hai supostos nos que un so dos proxenitores está empadroado no Concello e a ordenanza non aclara este suposto.

O Sr. Alcalde procede a someter a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: doce (5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da prestación de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Oroso:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DO CONCELLO DE OROSO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PLENO

A familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39, asegura a protección social, económica e xurídica da mesma.

Así mesmo, os artigos 25 a 28 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorgan ó municipio competencia para promover a prestación de servizos sociais nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, podendo realizar actividades complementarias das propias ou doutras administracións públicas e, en particular as relativas á educación, á cultura, á promoción da muller, á vivenda, á sanidade e á protección do medio ambiente.

O descenso do índice de natalidade é un feito xeralizado nos países desenvolvidos sendo, especialmente significativo o exemplo galego. No noso país, dende mediados dos anos 70, dito índice experimentou unha notable tendencia á baixa, representando, na actualidade, unha das taxas máis baixas de Europa.

O Concello de Oroso, non é alleo a este problema. A incorporación da muller ó mundo laboral, fenómeno que sendo positivo, require un esforzo de readaptación familiar, o retraso na idade de emancipación dos nosos mozos e a evolución dos patróns que rexen os hábitos sociais e culturais, son algunhas das causas que inflúen na merma da natalidade, que é, sen dúbida, un dos principais problemas ós que debe facer fronte a nosa sociedade nos próximos anos.

Podemos sinalar os seguintes datos significativos:

- g) O crecemento natural da poboación no municipio de Oroso, segundo os últimos datos publicados polo INE para o ano 2021 foi Negativo, con catro defuncións máis que nacementos.
- h) Se analizamos esa tendencia nos últimos dez anos vemos como a evolución dos nacementos no Concello é claramente descendente:

Ano	Nacementos
2010	75
2011	97
2012	68
2013	72
2014	75
2015	95
2016	59
2017	56
2018	60
2019	56
2020	65

PLENO

2021	50
------	----

- i) Mentres no período 2010-2015 a media de nacementos era de 80 no período 2016-2021 é de 58 o que supón un descenso substancial.

O Concello é consciente deste problema e da necesidade de expor solucións, xa que, en definitiva, son as persoas o principal valor dunha comunidade e a familia o pilar tradicional no que se asenta a nosa sociedade, e por elo decide establecer esta medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

Esta medida de apoio atopa o seu fundamento na lóxica necesidade de que, sendo a natalidade un beneficio para todos, é lexítimo que entre todos se axude ós pais a soportar as indubidables cargas que se ocasionan sobre todo nos primeiros meses de vida dun/ha neno/a. Trátase así de remover os obstáculos que entorpecen a propia vontade dos proxenitores de eleir a dimensión da súa familia, de conquistar que a decisión de ter ou adoptar un fillo dependa únicamente das conviccións ou desexos persoais, non de causas alleas ás mesmas. Deste modo, as axudas previstas tratan de favorecer a decisión en última instancia sempre persoal, de ter ou adoptar un fillo, paliando os desembolsos económicos que supón a incorporación dun novo membro á unidade familiar nos primeiros meses.

Co obxectivo último de fomentar a natalidade, e co inmediato de dar unha axuda ás familias do Concello de Oroso, na medida dos recursos de que dispón este Concello, preténdese axudar ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou adopción mediante a posta en marcha da presente ordenanza.

ARTIGO 1.–FUNDAMENTO.

1.1.–A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o artigo 2 e artigo 25.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorga a este Concello.

1.2.–O artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

1.3.–Este Concello considera de interese público o apoio ás familias, circunscribíndose dentro deste o fomento da natalidade. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza, que pretende incentivar os novos nacementos de fillas e fillos de familias que residan habitualmente no Concello de Oroso.

ARTIGO 2.–OBXECTO.

PLENO

2.1.–O obxecto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento de natalidade deste Concello coa finalidade de fixar a poboación dentro do termo municipal.

ARTIGO 3.–NATUREZA DA AXUDA.

3.1.–As axudas que se outorgen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ó establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e enmárcanse dentro da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Oroso aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 29 de setembro de 2022 e publicada integramente no BOP número 246 de data 29 de decembro de 2022.

ARTIGO 4.–BENEFICIARIOS.

4.1.–Serán beneficiarios das subvencións reguladas na presente Ordenanza:

- a) Os proxenitores dos recen nados.
- b) Os adoptantes de nenos menores de 3 anos.

4.2.–Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do fillo/a.

ARTIGO 5.–REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

5.1.–Dará lugar ó recoñecemento da subvención cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice polos beneficiarios sinalados no artigo anterior a partir da entrada en vigor da mesma.

5.2.–Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que resida con carácter efectivo e acreditado neste municipio, con alúmenos seis meses de antigüidade o proxenitor ou adoptante que solicita a axuda. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición padroal así como o libro de familia.

5.3.–O menor recen nado ou adoptado terá que ser empadroado por primeira vez neste Concello e convivir co solicitante no mesmo domicilio. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición padroal.

5.4.–Será requisito para o pago efectivo da axuda que a persoa beneficiaria sinalada nos apartados anteriores continúe residindo no Municipio, e que, en todo caso, o recen nado fose empadroado por primeira vez no Concello. No caso de adopción, que no prazo dun mes a contar dende a resolución xudicial, sexa inscrito no Padrón, así mesmo, no domicilio do adoptante.

5.5.–En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

PLENO

5.6.–Os beneficiarios deberán atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias con Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Oroso, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

ARTIGO 6.–CONTÍA DAS AXUDAS E IMPUTACIÓN DO GASTO.

6.1.–Cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nesta Ordenanza será obxecto dunha axuda de 350 euros.

6.2.–Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. En caso de partos múltiples terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta o mesmo porcentaxe de incremento.

6.3.–O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade.

6.4.–A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica que se creará no orzamento xeral do Concello, a cuxa existencia se vinculará a aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto o crédito de maneira adecuada e suficiente para a súa efectividade.

6.5.–O Concello, non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa á tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global e, en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

ARTIGO 7.–PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

7.1.–As solicitudes das axudas, dirixidas ao alcalde-presidente, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro dos dous meses seguintes ó nacemento ou adopción. Deberá presentarse conforme ó modelo que figura como anexo na presente ordenanza, no que expresamente se declarará que se cumpre con todos os requisitos establecidos na presente Ordenanza.

7.2.–Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario.
- b) Fotocopia do libro de familia.
- c) Documentación acreditativa do estado civil do solicitante.
- d) Certificado de nacemento do recen nado expedido polo Rexistro Civil no caso de nacementos.
- e) Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.
- f) Certificado de empadramento do beneficiario que acredite a residencia efectiva no municipio durante alúmenos seis meses, así como de inscrición

PLENO

padroal do beneficiario co recen nado ou adoptado/a. Indicarase a data de empadroamento do recen nado e a causa de inscrición.

g) Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.

h) Certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización ó órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ó corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.

i) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.

j) Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

7.3.–Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais.

7.4.–Se a solicitude non reúne todos os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá ó interesado para que os subsane no prazo máximo improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

7.5.–A través do instrutor do expediente, e unha vez completada a documentación, formularase a correspondente proposta de resolución debidamente motivada.

7.6.–As axudas concederanse pola Xunta de Goberno Local. As resolucións ou acordos de concesión da axuda faranse por orde cronolóxica de solicitude e só poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

a) Non cumprir os requisitos establecidos para a concesión da axuda.

b) Presentar a solicitude fóra do prazo establecido no artigo 7.1 desta Ordenanza.

c) Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

7.7.–As solicitudes resolveranse no prazo máximo de 1 mes a contar desde a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ós interesados para entender desestimada a solicitude de concesión por silencio administrativo.

ARTIGO 8.–ABONO DAS AXUDAS.

8.1.–O pago da axuda concedida efectuarase nun único pago, mediante transferencia bancaria á conta que indicase o beneficiario da solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.

ARTIGO 9.–COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

9.1.–As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

PLENO

ARTIGO 10.–DEBERES DOS BENEFICIARIOS.

10.1.–A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases establecidas na presente Ordenanza.

10.2.–Os beneficiarios están obrigados a comunicar ó Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención.

10.3.–Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presente Ordenanza.

ARTIGO 11.–RESPONSABILIDADES.

11.1.–Calquera falsidade que se detecte dará lugar o non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibida xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se poidesen esixir.

ARTIGO 12.–REINTEGRO DAS AXUDAS.

12.1.–O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases conleva o reintegro das axudas concedidas.

12.2.–O réxime xurídico do reintegro das axudas será o establecido no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

ARTIGO 13.–INFRACCIÓN E SANCIÓN.

13.1.–Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ARTIGO 14.–RÉXIME XURÍDICO.

14.1.–A normativa que regula a concesión de axudas á natalidade, no non previsto nestas Bases, será a establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral reguladora da Concesión de subvencións do Concello de Oroso.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

PLENO

Durante o exercicio de 2023 tomaranse en consideración os nados dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2023 ós efectos da súa consideración como beneficiarios das axudas contempladas na presente Ordenanza.

Os nados antes da aprobación da presente ordenanza contarán cun prazo de dous meses para presentar a solicitude das axudas reguladas nesta, a contar a partir da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 do citado texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA O FOMENTO DA NATALIDADE DO CONCELLO DE OROSO.

SOLICITANTE

Nome e apelidos,
D.N.I., teléfono

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo, núm., piso
Código postal, correo electrónico

REPRESENTANTE

Nome e apelidos, D.N.I.
....., teléfono enderezo
....., núm., piso
Código postal, correo electrónico

DATOS DO FILLO/A

Nome Data de nacemento

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

- Copia compulsada do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario.
- Fotocopia do libro de familia.
- Documentación acreditativa do estado civil do solicitante.

PLENO

- d) Certificado de nacemento do recién nado expedido polo Rexistro Civil no caso de nacementos.
- e) Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.
- f) Certificado de empadramento do beneficiario que acredite a residencia efectiva no municipio durante al menos seis meses, así como de inscrición padroal do beneficiario co recém nado ou adoptado/a. Indicarase a data de empadramento do recém nado e a causa de inscrición.
- g) Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.
- h) Certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización ó órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ó corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.
- i) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- j) Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos na Ordenanza Municipal do Concello de Oroso reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Oroso aprobada na sesión plenaria de data para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Oroso ade.....de 2023.

SR/A. ALCALDE-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE OROSO.

1Riscar o que proceda

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, expoñer ó público o presente acordo, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de trinta días a fin de que

PLENO

os interesados poidan examina-lo expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante dito prazo entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

9.-Aprobar se procede o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2023 (EXP. 2023/G006/000014).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER a relación de facturas F-2023-3 presentadas por diversos provedores pendentes de pago correspondentes a exercicios anteriores e que tiveron entrada no exercicio económico de 2023.

LOGO DE VER que as devanditas facturas foron conformadas polo responsable do contrato.

LOGO DE VER o informe emitido polo Interventor municipal o 20.03.2023 no que se formula reparo suspensivo.

CONSIDERANDO que tal e como se sinala no informe de Intervención anteriormente mencionado trátase de gastos realizados no exercicio económico de 2022 respecto dos cales a factura tivo entrada no exercicio de 2023 e a fin de restituír o enriquecemento ilícito que se derivaría para os diferentes provedores e evitar a dilación e o custo que acarrearía a reclamación en vía xudicial, satisfacendo de maneira máis inmediata o dereito que un terceiro ostenta fronte a Administración dende o momento mesmo da realización da prestación, a Corporación poderá acudir á figura do recoñecemento extraxudicial de créditos cuxo fundamento é a teoría do enriquecemento inxusto, elaborada no seo do dereito civil e que é adoptada polo dereito administrativo, e que vén dicir resumidamente que a administración non pode ampararse nos seus propios erros para obter unha vantaxe ilícita en forma dunhas prestacións gratuítas, á conta dos terceiros subministradores que non teñen responsabilidade algunha na falta de cumprimento dos preceptos legais pertinentes

De conformidade co previsto no artigo 60.2 do RD 500/90, e artigo 217.2 TR LRHL propoño ao Pleno do Concello, previo ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, que adopte o seguinte acordo:

1º) Levantar o reparo da intervención municipal de data 20 de marzo de 2023 considerando que as facturas presentadas correspondesen a servizos efectivamente prestados a este concello e polo tanto é preciso proceder ao seu pago ao fin de evitar prexucios aos provedores, autorizando, comprometendo e recoñecendo as obrigas derivadas das mesmas:

Nº Entr	Data	Nº Docu	Data docu	Provee dor	Texto Explicativ	Imp orte	Aplica ción
---------	------	---------	-----------	------------	------------------	----------	-------------

PLENO

ada		ment o	ment o		o		Orzam entaria
F/ 2023/ 221	17/01 /2023	33447 23625	30/09 /2020	SCHIN DLER, S.A	RUA RIO MARUZO Nº2 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2020-07- 01 a 2020- 09-	312, 51	342.21 301
F/ 2023/ 222	17/01 /2023	33447 23626	30/09 /2020	SCHIN DLER, S.A	COLEGIO PUBLICO OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2020-07- 01 a 2020-	266, 81	323.21 301
F/ 2023/ 223	17/01 /2023	33447 23627	30/09 /2020	SCHIN DLER, S.A	NUEVO CEIP OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimi	312, 51	323.21 301

PLENO

					ento de 2020-07- 01 a 2020- 09-30		
F/ 2023/ 224	17/01 /2023	33448 47130	01/12 /2020	SCHIN DLER, S.A	RUA DA CULTUR A N°1 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimie ento de 2020-07- 01 a 2020- 09-	312, 51	337.21 301
F/ 2023/ 225	17/01 /2023	33448 53268	31/12 /2020	SCHIN DLER, S.A	RUA DA CULTUR A N°1 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimie ento de 2020-10- 01 a 2020- 12-	312, 51	337.21 301
F/ 2023/ 226	17/01 /2023	33448 53269	31/12 /2020	SCHIN DLER, S.A	RUA RIO MARUZO N°2 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores	312, 51	342.21 301

PLENO

					s Excellence Mantenimi ento de 2020-10- 01 a 2020- 12-		
F/ 2023/ 227	17/01 /2023	33448 53270	31/12 /2020	SCHIN DLER, S.A	COLEGIO PUBLICO OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensore s Excellence Mantenimi ento de 2020-10- 01 a 2020-	266, 81	323.21 301
F/ 2023/ 228	17/01 /2023	33448 53271	31/12 /2020	SCHIN DLER, S.A	NUEVO CEIP OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensore s Excellence Mantenimi ento de 2020-10- 01 a 2020- 12-31	312, 51	323.21 301
F/ 2023/ 229	17/01 /2023	33449 94011	31/03 /2021	SCHIN DLER, S.A	RUA DA CULTUR A N°1 Descripción del artículo: EU Contrato	312, 51	337.21 301

PLENO

					de Ascensores Excellence Mantenimento de 2021-01-01 a 2021-03-		
F/2023/230	17/01/2023	3344994012	31/03/2021	SCHINDLER, S.A	RUA RIO MARUZO Nº2 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimento de 2021-01-01 a 2021-03-	312,51	342.21301
F/2023/231	17/01/2023	3344994014	31/03/2021	SCHINDLER, S.A	NUEVO CEIP OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimento de 2021-01-01 a 2021-03-31	312,51	323.21301
F/2023/232	17/01/2023	3345140757	30/06/2021	SCHINDLER, S.A	RUA RIO MARUZO Nº2 Descripción del	312,51	342.21301

PLENO

					artículo: EU Contrato de Ascensore s Excellence Mantenimi ento de 2021-04- 01 a 2021- 06-		
F/ 2023/ 233	17/01 /2023	33451 40756	30/06 /2021	SCHIN DLER, S.A	RUA DA CULTUR A Nº1 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensore s Excellence Mantenimi ento de 2021-04- 01 a 2021- 06-	312, 51	337.21 301
F/ 2023/ 234	17/01 /2023	33451 40759	30/06 /2021	SCHIN DLER, S.A	NUEVO CEIP OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensore s Excellence Mantenimi ento de 2021-04- 01 a 2021- 06-30	312, 51	323.21 301
F/ 2023/ 68521	17/01 /2023	33452 68521	30/09 /2021	SCHIN DLER,	RUA DA CULTUR	312, 51	337.21 301

PLENO

235				S.A	A N°1 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2021-07-01 a 2021-09-		
F/2023/236	17/01/2023	3345268522	30/09/2021	SCHINDLER, S.A	RUA RIO MARUZO N°2 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2021-07-01 a 2021-09-	312,51	342.21301
F/2023/237	17/01/2023	3345268524	30/09/2021	SCHINDLER, S.A	NUEVO CEIP OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2021-07-01 a 2021-	312,51	323.21301

PLENO

					09-30		
F/ 2023/ 238	17/01 /2023	33458 95016	31/12 /2022	SCHIN DLER, S.A	RUA RIO MARUZO Nº2 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2022-10- 01 a 2022- 12-	312, 51	342.21 301
F/ 2023/ 239	17/01 /2023	33458 95015	31/12 /2022	SCHIN DLER, S.A	RUA DA CULTUR A Nº1 Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2022-10- 01 a 2022- 12-	312, 51	342.21 301
F/ 2023/ 240	17/01 /2023	33458 95017	31/12 /2022	SCHIN DLER, S.A	COLEGIO PUBLICO OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimi	266, 81	323.21 301

PLENO

					ento de 2022-10- 01 a 2022-		
F/ 2023/ 241	17/01 /2023	33458 95018	31/12 /2022	SCHIN DLER, S.A	NUEVO CEIP OROSO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 2022-10- 01 a 2022- 12-31	312, 51	323.21 301
F/ 2023/ 254	18/01 /2023	S1 2022 775	31/12 /2022	ESPRO ADE S.L	BATERIA (REGUL ARIZACION HORAS OCT-DIC 2022 BATERIA 23 HORAS X 33,43 ¿ HORA OCT. 7.5 H NOV. 8.5 H DIC. 7 H) / CANTO (378 2,11	3201.2 2713
F/ 2023/ 167	10/01 /2023	Emit- 36	30/06 /2022	UNDE RWO D MEDIA SL	INSERCI ON PUBLICI TARIA (INSERC ION PUBLICI TARIA EN PERIODI CO	299, 98	912.22 602

PLENO

					CRONICAS, MES XUÑO 2022)		
F/2023/168	10/01/2023	Emit-42	30/07/2022	UNDE RWOOD MEDIA SL	INSERCIÓN PUBLICITARIA (INSERCIÓN PUBLICITARIA EN PERIÓDICO CRONICAS, MES XULLO 2022)	299,98	912.22602
F/2023/169	10/01/2023	Emit-56	30/09/2022	UNDE RWOOD MEDIA SL	INSERCIÓN PUBLICITARIA (INSERCIÓN PUBLICITARIA EN PERIÓDICO CRONICAS, MES SETEMBRO 2022)	299,98	912.22602
F/2023/170	10/01/2023	Emit-49	30/08/2022	UNDE RWOOD MEDIA SL	INSERCIÓN PUBLICITARIA (INSERCIÓN PUBLICITARIA EN PERIÓDICO CRONICAS, MES AGOSTO	299,98	912.22602

PLENO

					2022)		
